

# UNIDADES DIDÁCTICAS

REALIZADAS POR **ELI RÍOS** E **BEATRIZ MACEDA**  
PARA A EXPOSICIÓN

# Sinaladas

**A loita das mulleres no século XX:  
cen anos de conquistas e represión.**

UNHA EXPOSICIÓN DA



**Deputación**  
DA CORUÑA

**CON CONTIDOS E REDACCIÓN DE TEXTOS** DE MONTSE FAJARDO  
**E DISEÑO E MAQUETACIÓN** DE CAPICÚA

# ÍNDICE

<b>1- Presentación da unidade didáctica.....</b>	<b>3</b>
<b>2- Orientacións metodolóxicas.....</b>	<b>5</b>
2.1- Presentación.....	6
2.2- Marco legal.....	6
2.3- Obxectivos.....	7
2.4- Competencias clave.....	9
2.5- Contidos.....	12
2.6- Elementos transversais.....	13
2.7- Metodoloxía.....	15
2.8- Atención á diversidade.....	17
2.9- Temporalización.....	17
2.10- Recursos.....	18
2.11- Avaliación.....	18
2.12- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	21
2.13- Bibliografía.....	21
<b>3- Unidades didácticas.....</b>	<b>22</b>
<b>3.1- Revoltas agrarias e obreiras dos séculos XIX e XX.....</b>	<b>23</b>
3.1.1- Actividades	
<b>3.2- Participación na vida política.....</b>	<b>29</b>
3.2.1- Actividades	
<b>3.3- O ensino.....</b>	<b>35</b>
3.3.1- Actividades	
<b>3.4- A cultura.....</b>	<b>39</b>
3.4.1- Actividades	
<b>3.5- As que dan a batalla.....</b>	<b>44</b>
3.5.1- Actividades	
<b>3.6- A resistencia solidaria.....</b>	<b>47</b>
3.6.1- Actividades	
<b>3.7- O exilio.....</b>	<b>52</b>
3.7.1- Actividades	
<b>3.8- A guerrilla.....</b>	<b>55</b>
3.8.1- Actividades	
<b>3.9- O corpo da muller, campo de batalla e a represión de xénero... </b>	<b>59</b>
3.9.1- Actividades	
<b>3.10- Cultura democrática.....</b>	<b>65</b>
3.10.1- Actividades	
<b>3.11- Traballar a prol da democracia.....</b>	<b>71</b>
3.11.1- Actividades	

**1-**

**Presentación**

**da unidade didáctica.**

**Sinaladas**

**A loita das mulleres no século XX:  
cen anos de conquistas e represión.**

A Historia é unha ciencia social que estuda e interpreta a realidade desde o pasado ata o presente. A perspectiva temporal e globalizadora desta disciplina permítenos achegarnos a uns coñecementos relevantes que facilitan a comprensión da realidade actual. É, polo tanto, un elemento fundamental da actividade escolar non só nas ciencias sociais senón en todo o currículo educativo.

Comprender a contorna social e a construción da memoria colectiva é unha tarefa necesaria para a formación de persoas responsables e conscientes tanto dos dereitos como das obrigas para coa sociedade da que forma parte.

Esta materia abrangue desde a historia literaria, unha función didáctica, un achegamento ao coñecemento e comprensión da sociedade, pero a historia nunca é neutral e tamén ten unha función social en que o discurso serve para estender, promover ou asentar unha determinada visión. No caso da época do franquismo desenvolveuse un modelo narrativo apoloxético, patriarcal e orientado cara á historia política, diplomática e militar. Incluso hoxe en día a maioría dos libros de texto escolares non recollen con suficiente relevancia a historia das loitas agrarias, da Segunda República, do período da ditadura, da represión franquista e da loita antifranquista posterior. Estamos, polo tanto, a ofrecer unha memoria truncada e silenciada ás persoas máis novas.

Ademais, se xa a visión supostamente neutral e aséptica contén baleiros e silencios respecto aos feitos históricos, a cuestión aínda é máis dolorosa cando nos referimos á metade da sociedade que configuran as mulleres. O borrado das mulleres de maneira sistemática ten un claro propósito de xerar un referente social androcéntrico.

O propósito desta unidade didáctica é recuperar a parte da nosa historia que permanece no esquecemento e, especialmente, a memoria de todas aquelas mulleres defensoras dos dereitos humanos, sociais, laborais, afectivo-sexuais etc. que construíron os andamios dun futuro de paz e liberdade, que hoxe herdamos, e que foron inxustamente asasinadas, encarceradas, torturadas, represaliadas, fusiladas ou que padeceron o exilio.

Nesta unidade didáctica presentamos, ademais, unha serie de propostas que fomentan o desenvolvemento dunha capacidade crítica por parte do alumnado grazas a unha participación activa na toma de decisións, á creatividade, á desmitificación da ciencia como unha actividade neutra, á análise dos conflitos sociais e á reflexión profunda. Propoñemos, en definitiva, unha concepción da historia como disciplina en construción da que poden formar parte non só como persoas receptoras e reprodutoras senón tamén como produtoras de información e motor do cambio social na actualidade.

**2-**

**Orientacións  
metodolóxicas.**

**Sinaladas**

**A loita das mulleres no século XX:  
cen anos de conquistas e represión.**

## 2.1 - Presentación

Esta unidade didáctica é un instrumento para facilitar o proceso ensino-aprendizaxe. O seu uso como guía da exposición **Sinaladas** debe permitírnos adaptala ao desenvolvemento dos grupos de 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria e aos de 1º e 2º de Bacharelato ao longo do curso académico.

## 2.2- Marco legal

Esta unidade didáctica insírese no marco legal do Capítulo III da LOE 2/2006, modificado pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) aínda que ten en conta a implantación da LOMLOE <sup>1</sup>.

Neste marco legal, o currículo vixente na actualidade para o conxunto do Estado español dispónse no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. A Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias educativas, establece, por tanto, o currículo prescriptivo, a través do Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza. Neste decreto descríbense as competencias clave, os elementos transversais, os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os obxectivos e os principios metodolóxicos. Por outra banda, a Orde ECD/62/2015 explicita as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de Educación Primaria, a Educación Secundaria e o Bacharelato.

Ademais, séguese a Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre o currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros de ensino galegos.

Respecto ás necesidades específicas de apoio educativo, tense en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por outra banda, Galiza non conta cunha lei propia en materia de memoria histórica, como si acontece con outros lugares como Andalucía, País Valencià, Castela e León ou Euskadi, polo que neste marco legal tomamos como referencia a Lei de Memoria Histórica de 2007 (Lei 52/2007 de 26 de decembro) estatal que, na exposición dos motivos, indica: “a Lei senta as

---

<sup>1</sup> Neste momento o sistema educativo está a vivir unha situación de adaptación a un novo texto legal (LOMLOE). A implantación nos cursos pares da ESO está prevista para os cursos 2023-24.

bases para que os poderes públicos leven a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática”.

Tense en conta tamén o Proxecto de Lei de Memoria Democrática (aprobado no Consello de Ministros o 20 de xullo de 2021) estatal que propón no Artigo 44 (Capítulo IV, sección 3ª): “O sistema educativo español incluírá entre os seus fins o coñecemento da historia e da memoria democrática española e a loita polos valores e liberdades democráticas. A tal efecto, procederase á actualización dos contidos curriculares para Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional e Bacharelato.”

Nesta actualización dos contidos curriculares ten un papel central o recoñecemento da memoria democrática das mulleres, que constitúe un dos eixes desta unidade didáctica. Séguense, por tanto, as seguintes disposicións do Artigo 11 do Título II:

1. *As administracións públicas adoptarán as medidas e actuacións necesarias para o recoñecemento do papel activo das mulleres na vida intelectual e política, na promoción, avance e defensa dos valores democráticos e os dereitos fundamentais.*
2. *As administracións públicas adoptarán as medidas e accións necesarias para a difusión e coñecemento das limitacións e discriminacións educativas, económicas, sociais e culturais que as mulleres soportaron especificamente durante a guerra e a ditadura e para recoñecer aquelas que as sufriron.*
3. *As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para reparar as formas especiais de represión ou violencia de calquera tipo sufrida polas mulleres como consecuencia da súa actividade pública, política, sindical ou intelectual, durante a guerra e a ditadura, ou como nais, compañeiras ou fillas de represaliados ou asasinados. Igualmente, levaranse a cabo actuacións de recoñecemento e reparación das mulleres que durante a guerra e a ditadura sufriron privación de liberdade ou outras penas como consecuencia dos delitos de adulterio e interrupción voluntaria do embarazo.*

### **2.3- Obxectivos**

Os principais obxectivos desta unidade didáctica son:

- a) Facerse cargo dos seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzar os dereitos humanos, a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a diversidade como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de xénero ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereitos dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia da lingua galega como elemento fundamental para o

mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 2.4- Competencias clave

As competencias que se desenvolven nesta unidade didáctica son:

**a) Comunicación lingüística (CCL).** Esta competencia ten como meta a capacidade do alumnado para interactuar mediante a lingua nas diferentes esferas da actividade social. Ademais, o seu compoñente estratéxico permite ás persoas superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo xa que inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente.

Por outra banda, a competencia en comunicación lingüística inclúe un compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

A lectura comprensiva; a conversa reflexiva; os debates; a composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas; a interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios e/ou as exposicións contribúen a desenvolver esta competencia.

**b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).** A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Esta unidade didáctica contribúe á adquisición da competencia matemática ao desenvolver a capacidade de abstracción, a relación lóxica entre conceptos e a súa interpretación gráfica mediante mapas conceptuais, esquemas etc.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía capacitan persoas responsables e respectuosas que elaboran xuízos críticos sobre os feitos pasados e actuais xa que desenvolven o pensamento científico e inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica así como as destrezas tecnolóxicas que conducen á adquisición de coñecementos, ao contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

A lectura de mapas, comentario de gráficas, interpretación de datos etc. contribúen a fortalecer esta competencia.

**c) Competencia dixital (CD).** Esta unidade didáctica contribúe á competencia dixital xa que busca proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante así como para a súa reutilización e para a produción de textos propios. A realización guiada destas buscas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital e axuntará para alcanzar unha serie de actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interactuar socialmente arredor delas. Trátase, xa que logo, de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando as súas fortalezas e debilidades e respectando principios éticos no seu uso. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías. Por último, tanto a exposición como a unidade didáctica inclúen o uso de soportes electrónicos na composición e publicación de textos.

**d) Aprender a aprender (CAA).** A competencia aprender a aprender é imprescindible para a aprendizaxe permanente en todos os contextos.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto exige, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Aprender a aprender maniféstase tanto individualmente como en grupo, e esta unidade didáctica contribúe ao promover alternativas e estratexias nos procesos de aprendizaxe coa conversa reflexiva, os debates, a realización de esquemas que organicen as ideas etc.

**e) Competencias sociais e cívicas (CSC).** Para poder participar plenamente nos ámbitos social e interpersoal é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos, así como as súas tensións e procesos de cambio. A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, á sociedade e á cultura. Así mesmo, é esencial

comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico.

Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser quen de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de maneira construtiva.

Para isto, é necesario o coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís que expoñemos nesta unidade didáctica.

Desta forma chegaremos a comprender e entender as experiencias colectiva; a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades; a realidade social do mundo en que se vive cos seus conflitos e as motivacións destes; os elementos que son comúns e os que son diferentes; os espazos e territorios en que se desenvolve a vida dos grupos humanos, e os seus logros e problemas, para comprometerse persoal e colectivamente na súa mellora, participando así de maneira activa, eficaz e construtiva na vida social e profesional.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

As situacións de traballo en equipo, diálogo e debate que propón esta unidade contribúen a esta competencia ao fomentar a empatía, a aceptación das diferenzas, a ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

**f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos cales se desenvolven as persoas, permitíndolles levar a cabo as súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe, igualmente, o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia: posta en práctica de situacións da vida cotiá; uso dos medios de comunicación, da exposición asociada a esta unidade didáctica e reflexión sobre os contidos tratados. Desta forma, esta unidade didáctica promove a adquisición das destrezas de capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación; habilidade para traballar,

tanto individualmente como dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade e a autoconfianza.

**g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).** O alumnado debe adquirir conciencia da riqueza cultural, da diversidade lingüística e da expresividade popular.

Debemos fomentar o interese polas expresións artísticas e culturais para, desta forma, promover a adquisición de coñecementos que permitan achegarnos á nosa herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental etcétera). Esta unidade didáctica comprende a concreción da cultura, xa sexa das belas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, cine, literatura, fotografía, teatro e danza) como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, vestido...). Achega, polo tanto, a identificación das relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade, é dicir, concreta a conciencia da evolución do pensamento, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá. Isto permite valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades.

## 2.5- Contidos

- Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia
- Fontes históricas de procedencias diversas, incluídas as proporcionadas por narracións orais recollidas a través de diferentes tecnoloxías; análise cunha perspectiva crítica para a comprensión de procesos e feitos históricos
- Interpretación de mapas, gráficas, fontes históricas e liñas do tempo
- Tempo histórico
- Cambio e continuidade
- Identificación, coñecemento e comprensión das interrelacións entre os feitos políticos que configuran esta época da historia galega e estatal contemporánea. Análise dos antecedentes e a súa relación cos feitos políticos, económicos, sociais e culturais
- Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega e o xurdimento das correntes anarquista e socialista
- Os movementos migratorios; a intensificación da urbanización; a crise agraria e a evolución agrícola a finais do século XIX e comezos do XX
- Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da guerra mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura;

transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria

- II República; solidariedade e respecto polos valores democráticos instaurados e defendidos pola II República
- Guerra civil e ditadura de Franco; represión e terror durante e despois do conflito; loita antifranquista contra o réxime ditatorial e repercusións na configuración da sociedade contemporánea
- A discriminación legal para as mulleres durante os séculos XIX e XX.
- Igualdade efectiva e real tanto de dereitos como de oportunidades entre homes e mulleres; análise das desigualdades pasadas e actuais; compromiso co movemento para erradicar as desigualdades que tantas persoas comezaron no pasado
- Memoria histórica e memoria democrática; deber de xustiza, equidade, reparación e non repetición
- Visión completa da época da ditadura e a posterior represión franquista, con atención especial ao respecto e visibilización das persoas relegadas historicamente nas crónicas contemporáneas
- Cidadanía democrática; conciencia cívica e responsable; valores da Constitución; dereitos humanos; corresponsabilidade na creación dunha sociedade xusta e equitativa
- Normas básicas do ordenamento constitucional; compromiso individual e colectivo coas institucións democráticas; toma de conciencia ante os problemas sociais, en especial os relacionados cos dereitos humanos
- Desenvolvemento, desde o coñecemento da realidade e os principios democráticos, dun espírito crítico e solidario que mellore a contorna social para construír unha sociedade máis xusta e mellor; autonomía e responsabilidade para aprender a resolver pacificamente os conflitos persoais e sociais

## 2.6- Elementos transversais

O Decreto 86/2015 recolle os elementos transversais que se deben traballar nas diferentes etapas educativas. Polo tanto, esta unidade:

1. Fomenta o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o

respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Desta forma, evítanse os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e favorece a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

2. Contribúe a que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza propia e o sentido crítico.

Os temas transversais desta unidade didáctica preséntanse coma un conxunto de contidos que van interactuar con diversas áreas, xa que se refire a problemas e preocupacións fundamentais na sociedade. En concordancia con isto, cóidase especialmente o uso da linguaxe, tanto na exposición como na unidade didáctica que remite a ela, para que non atente contra a igualdade, a tolerancia ou os dereitos humanos.

Todo o anterior concretarase en:

**Comprensión lectora (CL).** A interpretación do discurso escrito é fundamental para poder adquirir coñecemento.

**Expresión oral e escrita (EOE).** O alumnado realiza producións orais (na aula, nos debates etc.), así como producións escritas (redactar unha biografía, un esquema, unha noticia etc.).

**Comunicación audiovisual (CA).** A maior parte das actividades apóianse en recursos audiovisuais, xa que traballar con imaxes e arquivos de son e vídeo resulta máis atractivo.

**Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).** O alumnado está composto por nativos e nativas dixitais polo que as TIC son parte da nosa vida cotiá. Por iso empregamos ferramentas como os ordenadores portátiles, códigos QR, procesadores de texto, programas de presentación, e propoñemos o uso da aula virtual (AV).

**Emprendemento (EMP).** Promovemos o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza e o sentido crítico coa realización grupal das propostas así como coa resolución de conflitos de maneira individual.

**Educación cívica (EC).** Esta unidade didáctica contribúe á aprendizaxe dos valores democráticos, solidarios e de xustiza que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade. Téntase valorizar a importancia do diálogo para solucionar as diferenzas así como potenciar a adquisición de normas que a sociedade, de modo democrático, conseguiu ao mesmo tempo que se rescatan os logros conseguidos por tantas

persoas que as defenderon ao longo da Historia.

As actividades e os contidos oriéntanse para comprender o respecto á pluralidade e ao Estado de dereito, así como para que o alumnado entenda que o concepto de paz non é só a ausencia de guerra, senón que se opón ao concepto de inxustiza, explotación e violencia estrutural, é dicir, que non pode existir unha sociedade pacífica se non é xusta. Neste sentido, propónse unha reflexión sobre as consecuencias das rebelións militares e os procesos represivos da ditadura militar franquista e a importancia que ten para os dereitos humanos o exercicio da memoria histórica e democrática como rescate do esquecemento ás vítimas da represión.

**Prevenición da violencia (PV).** Nesta unidade procúrase a visibilidade do papel das mulleres no período histórico presentado na exposición e o rescate do esquecemento tradicional recordando, por unha banda, o labor fundamental e imprescindible que realizaron ao liderar os avances da República cara a unha igualdade efectiva entre homes e mulleres. Para conseguir isto, úsase unha linguaxe inclusiva que respecta a visibilidade das súas actividades e o seu protagonismo. Propónse, ademais, a reflexión sobre a loita das mulleres polo seus dereitos: voto, educación, reprodutivos, condicións laborais etc. Ao longo da unidade didáctica preséntanse diversas propostas relacionadas coas achegas das mulleres, neste sentido, á realidade social. Por outro lado, incídese na prevención da violencia de xénero, na igualdade de trato e non discriminación, contribúese á aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos rexeitando a violencia, e foméntase o respecto e a consideración ás vítimas de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. Ademais, promóvese evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan calquera tipo de discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero e favorécese a visibilidade da realidade LGBTI. O machismo ou a LGTBIfobia hoxe en día están moi presentes entre as persoas novas e, por iso, é fundamental tratar estas cuestións e propoñer debates que fagan reflexionar de maneira crítica ao alumnado.

## 2.7- Metodoloxía

A exposición **Sinaladas** ofrécenos unha perspectiva multidisciplinar desde un eixe vertebrador da memoria democrática. Polo tanto, esta unidade didáctica é unha guía interdisciplinar e a liña metodolóxica que propón é activa e participativa.

En calquera caso, para posibilitar a aprendizaxe do alumnado e lograr os obxectivos antes sinalados, debemos ser conscientes das implicacións do descoñecemento da memoria histórica e a memoria democrática. Xa que logo, é necesario desenvolver as habilidades que favorezan a aprendizaxe ao tempo que se adestra o traballo reflexivo en destrezas coma a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación.

Esta unidade didáctica propón, entón, as seguintes liñas metodolóxicas xerais:

- Fomentar a participación e a reflexión, individual e grupal
- Analizar conceptos e ideas e fomentar o desenvolvemento de formulacións e hipóteses
- Elaborar percorridos ordenados e lóxicos dende a formulación de hipóteses até a comprobación dos resultados
- Practicar na ordenación, comparación e xerarquización de ideas
- Traballar coa busca, selección e tratamento da información
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados
- Relacionar os saberes aprendidos nos campos de coñecemento diversos

Estas liñas metodolóxicas concrétnanse nunha metodoloxía de traballo que se basea nunha concepción do proceso de ensinanza-aprendizaxe que debe cumprir as seguintes características:

- Partir do nivel de coñecemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas
- Desde esas aprendizaxes previas, asegurar a construción significativa das novas así como a comprensión delas, mentres fomentamos que sexan o máis autónomas posibles
- Proporcionar experiencias de aprendizaxe que resulten motivadoras e que favorezan a actualización de coñecementos e a relación co contexto en que viven

En concordancia con estas liñas e esta metodoloxía de traballo, os criterios metodolóxicos que deben orientar a posta en práctica desta unidade didáctica son:

- Metodoloxía activa: participación efectiva do alumnado tanto na exposición como nas actividades propostas así como no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, é dicir, fomentar a integración activa como persoas creadoras de contido e non só reprodutoras de contidos
- Motivación: partir dos coñecementos previos, gustos, intereses, historias familiares, demandas, necesidades e expectativas do alumnado ao tempo que se fomenta o traballo en grupo
- Atención á diversidade do alumnado: ter en conta non só os diferentes ritmos de aprendizaxe senón tamén os distintos intereses e motivacións
- Avaliación do proceso educativo: avaliar o proceso de comprensión e aprendizaxe do alumnado así como os elementos que permiten a retroalimentación

O alumnado debe ser un axente activo neste proceso de ensino-aprendizaxe, polo que é fundamental que fagamos unha contextualización que se achegue ás situacións cotiás, próximas e vinculada a contextos reais. Nesta liña, actividades como solicitar información a familiares

e en diferentes oficinas e institucións convértese no máis práctico posible, e favorece que o alumnado extraia e aplique os coñecementos de xeito activo, interactivo e en situacións reais.

## 2.8- Atención á diversidade

A diversidade é unha realidade social e concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe así como ás motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no Capítulo I do Título preliminar, establece os principios e fins do sistema educativo. Entre os principios que o inspiran destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional do estudantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante estes principios procúrase conseguir o éxito escolar de todo o alumnado. Ademais, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado seguindo as mesmas indicacións.

Polo tanto, nesta unidade didáctica procuramos adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade con actividades abertas para que cada alumno ou alumna as realice segundo as súas capacidades e cunha gradación de progresiva dificultade (Nivel 1, 2 e 3). Para conseguir estes obxectivos é imprescindible unha avaliación inicial, tal e como se propón na temporalización da unidade didáctica, que permita valorar os coñecementos previos do alumnado neste tema e, así, favorecer a implicacións nos proxectos e nos grupos cooperativos.

A estrutura desta unidade didáctica ten en conta que non todo o alumnado alcanzará da mesma maneira os obxectivos. Por isto e para facilitar a comprensión, a autoconfianza e a funcionalidade efectiva da aprendizaxe, a división en epígrafes, as actividades abundantes, diferentes e cun grao de complexidade graduado así como a organización de conceptos de forma gradual permiten axustar e seleccionar os contidos que se impartirán.

## 2.9- Temporalización

### ANTES DE VER A EXPOSICIÓN

- 1 sesión de 45 minutos para proxectar unha curtametraxe, documental etc., e guiar

un debate reflexivo que nos permitirá delimitar os coñecementos previos do alumnado

- 1 sesión de 45 minutos que introduza actividades que preparen o alumnado para a visita á exposición coa explicación de conceptos claves

### PARA VER A EXPOSICIÓN

- 1 sesión de 1 hora que permita visitar a exposición **Sinaladas** e realizar as actividades propostas na unidade didáctica, ao tempo que se solucionan posibles dúbidas. Ademais, incentivarase a realización dun mapa conceptual que, posteriormente, permita a recolla de experiencias similares na súa contorna máis próxima

### DESPOIS DA EXPOSICIÓN

- 1 sesión de 45 minutos de posta en común dos coñecementos adquiridos e das historias da súa contorna máis próxima
- 1 sesión de 45 minutos con actividades que fomenten a participación activa do alumnado e conformen o peche do proceso ensinanza-aprendizaxe dunha maneira reflexiva e comprensiva dos contidos

## 2.10- Recursos

- Patrimonio documental: <<https://arquivos.depo.gal/>>
- Do gris ao violeta: <<https://www.dogrisaovioleta.gal/>>
- La isla de Chelo: <<https://www.youtube.com/watch?v=ctpdJ4MUeYo>>
- ACAB: <<https://acorunhadasmulleres.gal/category/traballadoras/>>
- Non des a esquecemento: <<http://nondesaesquecemento.blogspot.com/>>
- Memoria histórica: <<https://memoriahistorica.org.es/tag/Galiza/>>
- Nomes e voces: <<http://www.nomesevoces.net>>
- ASO viguesa: <<http://memoriavigo36.blogspot.com/>>
- Historia de Galiza: <<http://historiadeGaliza.gal/category/memoria-historica/>>
- Ateneo Republicano Galiza
- Memoria Histórica da Coruña: <<https://www.coruna.gal/educacion/es/memoria-historica?argIdioma=gl>>

## 2.11- Avaliación

A avaliación ten como finalidade a mellora do proceso ensino-aprendizaxe e consiste na recollida continua de información, polo que debe ter tres momentos:

- 1- Inicial:** permítenos coñecer o punto de partida e os coñecementos previos do alumnado. É este o momento en que tamén valoramos as necesidades de adaptación de contidos ou de estratexias para adecuar a metodoloxía e permite atender ás diferenzas

**2- Formativa:** atende á evolución do proceso e contribúe a valorar o progreso en cada caso en función do punto de partida

**3- Final:** establece os resultados no término do proceso total de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos

A avaliación desta unidade didáctica, polo tanto, concíbese de maneira:

- **Individualizada:** tómase como punto de partida a situación inicial e as particularidades de cada alumno e alumna
- **Integradora:** a existencia de diferentes grupos, situacións e a flexibilidade facilitan a aplicación dos diferentes criterios de avaliación que se seleccionan
- **Continua:** durante o proceso de aprendizaxe axuntaranse adecuadamente as medidas de reforzo educativas necesarias para lograr os obxectivos propostos
- **Formativa:** no proceso de ensino-aprendizaxe as diferentes estratexias permiten non centrarse unicamente nos aspectos de carácter cognitivo máis fáciles de medir e a análise das incidencias achega unha información que permite orientar ao profesorado e ao alumnado cara ás melloras nas estratexias axeitadas

O espírito da LOMCE e da LOMLOE implica que se avalíe a adquisición das diferentes competencias seguindo uns criterios de avaliación que se especifican nos obxectivos. Segundo o decreto 86/2015, os obxectivos son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe. Nesta unidade didáctica propóñense os seguintes:

## ÁREA DE COÑECEMENTO CCSS

### Criterios de avaliación

- Recoñecer que o pasado non está “morto e enterrado”, senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles
- Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas
- Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación
- Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)
- Situar e localizar os acontecementos históricos de Galiza no espazo xeográfico en que se producen

- Comprender a historia como un proceso en constante reelaboración
- Comprobar a capacidade para establecer relacións entre os múltiples factores que interveñen nun proceso de longa ou curta duración e diferenciar entre os elementos que actúan de forma rápida dos que o fan lentamente
- Identificar estruturas que inflúen nos procesos de cambio e continuidade
- Coñecer as causas, os feitos e as consecuencias máis relevantes das loitas agrarias, feministas etc. do século XIX, das orixes da Segunda República, da guerra civil, da ditadura e da represión tardofranquista, analizando as transformacións que supuxeron, e saber explicar as relacións entre estes feitos e os diferentes posicionamentos ante o cambio en función da clase social
- Obter información sobre as diversas etapas, medidas e estratexias de represión do franquismo despois da guerra civil a partir de fontes diversas (textos, escritos, fotografías, películas etc.).
- Analizar e valorar criticamente a importancia da represión na configuración da España posterior e detectar a dificultade que teñen na actualidade algúns sectores sociais para que se coñeza o que realmente aconteceu así como as consecuencias que sufriron as persoas que defendían a legalidade vixente
- Analizar a que intereses obedecen as diferentes interpretacións dunha mesma realidade histórica
- Situar cronoloxicamente os acontecementos e os procesos máis relevantes da Segunda República así como a posterior represión despois da guerra civil
- Recoñecer a loita antifranquista e o proceso de invisibilización e analizar a súa vinculación con determinadas personaxes
- Identificar os diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo así como as principais reformas durante a II República Española, e reaccións a elas
- Coñecer o deber da memoria e o papel activo das mulleres como protagonistas da loita pola democracia e os valores de liberdade, igualdade e solidariedade
- Identificar as reivindicacións dos dereitos laborais, económicos etc., así como a igualdade nas condicións das mulleres
- Coñecer as loitas e reivindicacións pola igualdade social, xurídica etc. das mulleres ao longo da Historia
- Analizar as consecuencias da represión franquista para as mulleres
- Analizar os logros conseguidos polas mulleres durante as súas loitas e reivindicacións e a súa relación coa situación actual
- Coñecer as loitas e reivindicacións pola igualdade social, xurídica etc. das persoas

discriminadas ao longo da Historia pola súa identidade de xénero ou pola súa orientación sexual

- Identificar as discriminacións múltiples

## 2.12- Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos que utilizaremos nesta unidade didáctica para a avaliación do alumnado son:

1. As tarefas de aula (produccións escritas, escoita e lectura comprensiva, reflexións, intervencións, proxectos)
2. As producións orais planificadas (debates), as producións escritas planificadas, os traballos e a autoavaliación
3. O caderno da aula. Valorarase a realización das actividades así como a súa presentación
4. Participación e actitude. Terase en conta o interese tanto polas actividades como pola mostra, así como a actitude de respecto cara ás demais persoas tanto na realización dos traballos grupais coma na visita á exposición

## 2.13- Bibliografía

- Mendoza, G. (2007): *Por una didáctica mínima: guía para orientadores y docentes innovadores*, Sevilla: Editorial MAD.
- Prats, J. (2007): "La Historia es cada vez más necesaria para formar personas con criterio", *Revista Escuela*, 21 de xuño, pp. 22-23.
- Recio, J. P. (2012): "El valor de la Historia en las aulas. Retos ante el nuevo contexto educativo". *Clío* 38. ISSN 1139-6237
- Lei de memoria histórica: <<https://www.boe.es/eli/es/l/2007/12/26/52/con>>
- Proxecto de Lei de memoria democrática: <<https://www.congreso.es/BOCG-14-A-64-1>>
- Pradorua: Educación franquista <<https://youtu.be/IHnRDoUFQEo>>

**3-**

**Unidades  
Didácticas.**

**Sinaladas**

**A loita das mulleres no século XX:  
cen anos de conquistas e represión.**

### 3.1.- Revoltas agrarias e obreiras dos séculos XIX e XX

O século XIX e comezos do s. XX foi un período de moitas revolucións agrarias e obreiras. Tamén é o momento dos grandes cambios tanto nas estruturas sociais como económicas. A crise do Antigo Réxime iníciase coa invasión do exército francés, e a Guerra da Independencia deixa as arcas do Estado español moi minguadas. Se a isto lle engadimos que a industrialización tivo unha escasa implantación e que Galiza seguiu a ser un país de base agraria durante todo o século XIX, completaremos un mapa social en que a resistencia e as revoltas teñen un papel central ante as terribles condicións económicas (agravadas polas altas taxas dos impostos) e a sangría que provoca a emigración masiva.

Así, o 10 de xaneiro de 1810 a consecuencia do tratado da alianza e comercio entre os gobernos español e inglés, obrigouse a todas as forzas navais do reino de España a reunírense no porto de Cádiz. Isto supuña dismantelar os arsenais ferroláns e o traslado, xunto cos navíos, dun importante número de persoal militar. A poboación queda sen traballo, sen ingresos (e sen cobrar o que se lles debía nos atrasos dos pagamentos). Antonia Alarcón lidera unha revolta obreira, ante esta terrible situación e a sospeita de que o xeneral José de Vargas está a ocultar o diñeiro para saldar a maior parte dos fondos destinados para os traballadores da armada e os do naval da Maestranza. Antonia Alarcón é condenada á pena capital pola morte do xeneral e Agustina García “a Castiñeira” a prisión (panel 5).

#### As mulleres organizanse en asociación

As mulleres constitúen agrupacións sectoriais no xurdir do movemento obreiro. A necesidade de buscar solucións para resolver os conflitos levou as mulleres a organizarse, primeiro formando sociedades de socorros mutuo e caixas de resistencia e, posteriormente, sindicatos. Así aconteceu, por exemplo, coas cigarreiras da Coruña (panel 5) que son un referente de asociacionismo. En 1831 mobilízanse máis de 2000 traballadoras da fábrica de tabaco, lideradas por Sabela Abad e Vicenta Álvarez, para protestar contra os axustes de produción que limitan a súa capacidade adquisitiva. Neste momento foron duramente represaliadas Antonia Araújo, Xosefa González, María Cortés, María Cañas, Antonia Cervigón “A Terranova”, Clara Viñas, Xoana Bellón, Xosefa Vázquez, Ceferina Vázquez, Manuela de Parga, Dores García, Xosefa Peirallo ou Dores Fariña, entre outras moitas. En 1857 retoman as protestas contra as máquinas que lles quitaban o traballo e chegan a tiralas ao mar, mentres que as reivindicacións salariais e laborais provocaron as revoltas de 1882.

A situación política da segunda metade do século XIX é dunha grande inestabilidade e vese agravada pola guerra en Cuba. Para costear esta contenda, a modernización de servizos e o desenvolvemento económico, os impostos (trabucos, impostos de consumo, arbitrios, cédulas

persoais etc.) sufriron un aumento indiscriminado, gravado sobre as clases máis desfavorecidas, que encareceron en gran medida os produtos de primeira necesidade (leite, peixe etc.). Esta sociedade endebedada xunto coa dificultade no acceso aos alimentos levou ás coñecidas “Revoltas da fame”, nas que as mulleres tiveron un papel protagonista. O cúmulo de todas estas circunstancias foi a pinga que rebordou a cunca cando en Salcedo, en 1894, as autoridades queren embargarlle un pote e unha vaca a un veciño (panel 4) por unha débeda, polas cédulas, de 60 pesetas. Nesta revolta, a garda asasina a tiros a Manuela Couso e feren gravemente as súas irmás María, cun tiro na cara, e Benita, a quen lle abren a cabeza dun golpe.

### **Mobilización de Oseira**

Neste sistema caciquil acontece a mobilización de Oseira, o 22 de abril de 1909, cando o bispo de Ourense quere desmontar o baldaquino do mosteiro de Oseira. O pobo opónse a este espolio e a Garda Civil dispara contra a poboación provocando un masacre en que son asasinadas María Paz e Manuela González (panel 4).

A conflitividade social é unha das características deste principio do século XX en que, por outra parte, xa veremos unha maior afiliación sindical das mulleres que continúan como cabeza visible das mobilizacións. As protestas esténdense a diferentes sectores como as cigarreiras, as misteiras, augadeiras, lavandeiras, tecedeiras, xastras, costureiras, empacadoras, estibadoras ou vendedoras de leite<sup>2</sup>, carne e de produtos do campo e de peixe. As mulleres únense para manifestarse contra os abusivos tributos que teñen que pagar e para defender os seus dereitos laborais (aumento de salario, igualdade nas condicións de traballo, seguro de maternidade, eximente de cota para as enfermas, descanso dominical etc.). Este crecemento da afiliación fixo posible non só as múltiples melloras senón incluso a creación de centros sociais que atendesen as necesidades das mulleres como aconteceu coa Casa das Cigarreiras na Coruña, que se converteu en refuxio para as xubiladas da fábrica.

### **O activismo do agrarismo**

Son estes, tamén os anos do grande activismo do agrarismo, da loita pola redención dos foros e das melloras agrarias. En 1916 a Liga Agraria convoca unha serie de manifestacións para protestar polo desfalco da corporación do Porto do Son, que adquire unha débeda coa Deputación da Coruña e pretende saldala cun reparto de arbitrios extraordinarios que lastran

2 As torturas ás que foron sometidas no cuartel da Garda Civil as leiteiras Soledad e Josefa Mouriz Sardina, Carmen Guerrero Bouza, Josefa Montero Rodríguez, Purificación Lorenzo Lorenzo e Socorro Ramos Vázquez, nas Revoltas do Leite de 1910 en Ferrol, obrigou a que incluso tivese que atendela un médico forense antes de envalas á prisión.

a actividade agraria. O 12 de outubro un grupo de veciños e veciñas da parroquia de Nebra mobilízase pacificamente como mostra de rexeitamento ao abusivo imposto (panel 4). A Garda Civil dispara indiscriminadamente e mata a Francisca Carou, Ramona Suárez Pouso, Generosa Cadórniga e Rosa Cadórniga Maneira.

### **A primeira guerra mundial marca o comezo do século XX**

Estes primeiros anos do século XX están marcados pola primeira guerra mundial, a Revolución Rusa e unha etapa que se articula por volta do sindicalismo, o agrarismo e o nacionalismo que comeza a desenvolverse arredor das Irmandades da Fala (1916). É unha época convulsa xa que o Estado español quere aproveitar o contexto exterior e vende trigo e materias primas aos países en conflito ao tempo que desabastece os mercados internos. Isto leva a que moitos vendedores acaparen os produtos de primeira necesidade coma o trigo, a cera, o carbón ou o aceite á espera de vendelos máis caros. Ademais os impostos son cada vez máis desmedidos sobre a agricultura, e a pandemia da gripe está a causar estragos. Esta situación insoportable, na que cada vez era máis difícil sobrevivir, fai que dea comezo a coñecida como a Revolta das Pedradas ou Revolta do Pan, en marzo de 1918, que ten o seu precedente noutras protestas para evitar a exportación como as de Vigo do ano anterior e que se estende a diferentes lugares (a Noite dos Xamóns en Lugo, 26 de agosto) do país.

### **As revoltas de Xuvia, Neda e Narón**

O descontento era xeneralizado, os prezos non paraban de subir e as autoridades permitían que se acaparase todo. Había xente que amasaba grandes fortunas a custa da fame. Cando o gobernador civil prohíbe importar trigo e os prezos se convirten en prohibitivos, as mulleres comezan unha protesta na feira de Xuvia, nas vilas de Neda e Narón, os días 8 e 9 marzo. Unha manifestación de mulleres percorrerá as rúas de Ferrol, asaltando almacéns, impedindo a saída de peixe e produtos básicos para Madrid e asaltando varios trens. O alcalde de Narón non quere recibilas así que se dirixen cara aos comerciantes que están a especular cos produtos de primeira necesidade. Estes recíbenas a tiros e feren a Josefa Noval Luaces e Rosa Tenreiro Ameijeiras; elas responden con pedras.

A nova espállase pola comarca, de Ferrol a Pontedeume. Son as mulleres as que toman a iniciativa, creando comités, cortando estradas e vías do tren, xúntanse as traballadoras da fábrica téxtil de Xuvia, organízanse para vixiaren os almacéns e así evitar as exportacións, reparten os alimentos requisados... O día 13 de marzo, na feira de Sedes (Narón), os acontecementos precipítanse: sobre o alcalde e os concelleiros recae a sospeita de seren uns acaparadores e de querer vender o trigo por riba do prezo fixado. Ante as protestas, a Garda

Civil e as tropas de infantería e cabalaría disparan contra as manifestantes e matan cinco persoas, entre elas María González e Fernández. Ao día seguinte, seis mil persoas camiñaron desde Ferrol ata Sedes para enterrar as falecidas. As protestas labregas, folgas obreiras e manifestacións multitudinarias saldáronse coa declaración do estado de excepción ata que, o 18 de marzo, os soldados iniciaron a retirada. Cando o Goberno decretou a amnistía en abril do mesmo ano, aínda continuaban en prisión trinta mulleres.

### **A revolta de Sofán**

Nesta polvoreira social, ao ano seguinte as autoridades de Sofán (Carballo) clausuran o camposanto para construír un novo nos terreos do cacique local en contra da opinión do pobo, que pide seguir utilizando o vello e propoñen unha ampliación deste. A veciñanza vai seguir dándolles terra aos seus defuntos clandestinamente baixo argumento de non querer separar os seus devanceiros ata que o 16 de febreiro de 1919, no enterro dun neno se produce un auténtico massacre: o uso indiscriminado da forza por parte da Garda Civil deixou ducias de veciñas feridas e catro mulleres mortas. Dun disparo na cabeza asasinan a Xosefa Bolón Mato, “Pepa do Neto” e Carmen Veira Souto. María Caamaño Pallas, embarazada e nai de sete fillos, morre desangrada por unha ferida de baioneta, e María Serrano Paz fina dunha gangrena, ao ser detido o veciño que ía buscar o médico para socorrela.

### **As sociedades agrarias e as persoas Mártires de Sobredo**

As sociedades agrarias tamén loitaban neste momento contra os foros, o pagamento dunha renda anual aos señoríos por parte do campesiñado por traballar as súas terras, xa que provocaban unha economía de subsistencia con condicións moi precarias. As revoltas deste tipo foron numerosas en todo o país, e foron respondidas cunha violencia desmedida. O 28 de decembro 1922 vívese en Sobredo (Guillarei, Tui) un dos acontecementos máis dramáticos nas revoltas pola abolición dos foros. A veciñanza acódelle, cando escoitan o bater das campás que anuncia a chegada do xuíz e da Garda Civil, a un veciño a quen pretenden requisarlle todos os seus bens por negarse a pagar os foros seguindo os acordos do último Congreso Agrario. A Garda Civil a cabalo dispersa a manifestación a balazos. Entre as persoas das Mártires de Sobredo encóntrase Cándida Rodríguez González.

### **As loitas labregas de Meirás**

Nos anos previos ao golpe de Estado de Franco acontece unha reivindicación agraria que, hoxe en día, aínda ten repercusións na memoria histórica: a loita das labregas de Meirás (1933). O propietario das Torres de Meirás decide vender unhas leiras adscritas ás Torres e que

cultivaban dúas familias campesiñas. O novo propietario decide dobrarlles a renda, e como non aceptan comeza o desafuzamento. As mulleres enfróntanse aos caciques, aos terratenentes, aos xuíces e aos axentes da Garda Civil despois de que o xuíz e os gardas entrasen nas leiras para esnaquizar canto cultivo e apeiro había. A veciñanza de Meirás levántase para defender as familias desaloxadas, e entre as persoas detidas hai 23 mulleres e unha nena de once anos procesada. A pesar disto, as mulleres continúan a ocupar as terras e a sementalas de noite eludindo a vixilancia dos gardas, pero o cura decide quedar coa colleita de millo e será a partir deste momento en que a loita adquira un cariz dramático. As campesiñas asaltan a casa reitoral, expulsan o cura da aldea e reparten entre os veciños a colleita de millo que acaparaba. Isto provoca, despois do golpe de Estado de 1936, unha crueldade desmesurada contra as familias que participaron na revolta: torturas, paseos, desaparicións, e Josefa Portela é desafuzada para ampliar o Pazo de Meirás no que irá veranear Franco.

### **As Revoltas da Fame**

Coa proclamación da II República, o 14 de abril de 1931, abrollan as transformacións modernizadoras que abren un camiño cara á modernización: a sociedade xa non só se estrutura por volta do sector primario senón que o secundario e o terciario reciben un pulo importante, a consolidación das novas clases sociais (burguesía e proletariado), a redención dos foros converte ás persoas campesiñas en pequenas propietarias cultivadoras, o anovamento na agricultura e a súa incorporación aos mercados, agroma a industrialización da man das conserveiras e dos estaleiros, o asomar do urbanismo etc. O sector pesqueiro neste momento ten nalgúns zonas un incremento da poboación activa de ata o 250 %. A isto debemos engadirlle que os dereitos sociais entran de cheo nas reivindicacións (aínda que non nas mesmas condicións para o todo o mundo a pesar de que a República propuña a igualdade entre homes e mulleres), e comprobamos que as mulleres continúan a ser torturadas, detidas e multadas por defender os seus dereitos laborais. Rosalía Alonso, Isolina Sousa e Josefa Prado, que reciben unha malleira na folga xeral de 1932, ou Manuela Núñez, que é multada en 1934 pola folga na conserveira, son só algúns dos moitos casos que se rexistran polo país. Aínda así, o peor estaba por chegar: a violencia vaise cebar nas mulleres co golpe de Estado de 1936.

As Revoltas da Fame aínda chegarán ata 1946, no enfrontamento de máis de 500 mulleres á Garda Civil en Escarón, na Revolta do Centeo, para protexer a súa colleita e evitar que sacasen o cereal da súa comarca. Neste tempo de posguerra a fame e as carencias afectaban profundamente a España e as mulleres sofren a violencia extrema da Garda Civil ao tentar deter a quen fai negocio coa fame da poboación grazas ás súas conexións coa ditadura.

### **A represión das mulleres no golpe de Estado de 1936**

As mulleres sindicalistas sofren unha represión tan brutal que algunhas delas deben exiliarse para salvar as súas vidas, coma Sebastiana Vitales Gascón, Teresa Novelle ou Joaquina Dorado Pita entre outras moitas (panel 6). Pero a loita polos dereitos laborais, polo seguro de maternidade, pola xornada laboral de oito horas ou contra os abusos dos empresarios acaba de forma trágica coa vida de moitas mulleres.

Dolores Blanco Montes, copresidenta do sindicato de atadeiras La Reivindicadora de Cangas, xa fora detida na ditadura de Primo de Rivera pola súa participación nas manifestacións. En novembro de 1935 participa na organización dun mitin de Dolores Ibárruri que inspirou unha folga na que reivindicaban a xornada de oito horas. O golpe de Estado acabou coas demandas sindicalistas e Dolores Blanco foi prendida en agosto do 36. Na camioneta da Garda Civil que supostamente a levaría a Pontevedra encóntrase tamén Carmen Pesqueira, "A Capirota", lavandeira de Marín. Dolores Blanco sálvase porque quen a ía asasinar a coñecía e déixaa escapar cun disparo no brazo, pero Carmen Pesqueira é asasinada no Pozo da Revolta despois de ser torturada e vareada. A Capirota era unha nai solteira que, cando ía recoller a roupa ao río, lles chamou criminais a unha manda de falanxistas que estaban a darlle unha malleira a un home na rúa. Despois de asinala pasearon o seu corpo polas aldeas da contorna. Os falanxistas querían deixar claro o que lle acontecería a quen se atrevese a desafialos, e máis se era muller, nai solteira e traballadora. O funcionario que redactou o seu certificado de defunción nin sequera se atreveu a poñer que a mataran de disparos e escribiu: "Herida en el corazón". Os grupos femininos que sufriron a represión foron os daquelas mulleres que participaron na loita pola reivindicación dunha maior participación da muller na esfera pública; as que formaban parte de sindicatos femininos e se identificaban nas causas como de esquerdas; e as mulleres acusadas de colaborar con opositores. O retorno ao papel tradicional da muller polo resultado da guerra tería lugar a través de humillacións como as violacións, rapas ou purgas ás que foran máis reivindicativas. Así, mulleres sindicalistas como Josefa Gómez Mera, delegada das cargadoras e descargadoras de carbón de Ferrol, é executada no 36 baixo a acusación de "utilizar obreiras pertencentes a agrupacións marxistas no traballo de carboneo do acoirazado *España*"; a vilagarcía Josefa Barreiro, da CNT, é fusilada no 1937 acusada de agochar persoas fuxidas, entre outros milleiros de casos semellantes. Esta mesma acusación de dar acubillo a sindicalistas e persoas opositoras ao réxime serve como motivo para o dramático asalto ás casas das Atochas en xullo de 1937.

A represión que sufriron neste momento as mulleres ao loitar polos seus dereitos fundamentais e polos da súa xente foi terrible e invisibilizada ao longo da Historia.

### 3.1.1- ACTIVIDADES.....

O eixe, liña temporal ou friso cronolóxico é un gráfico en que representamos períodos e feitos históricos. Ten catro partes:

1. Liña sobre a que sinalamos os datos
2. Os anos sobre os que se indican os acontecementos
3. Os períodos históricos en que se desenvolven os sucesos
4. Os acontecementos históricos

**Como facelo?**

- Colle unha folla e colócaa en posición horizontal
- Debuxa unha liña. No seu comezo pon a primeira data que apareza na exposición e o acontecemento histórico relacionado
- Completa o teu friso cronolóxico coas datas, períodos e acontecementos máis importantes que encontres ao longo dos paneis de *Sinaladas*
- Na aula poñede en común os vosos frisos e analizade as coincidencias e diferenzas

**Agora... animádesvos a facelo nun tamaño maior?**

### 3.2- Participación na vida política

O século XX é o da incursión das mulleres na política. Nos motíns de subsistencia, entre 1917 e 1919, hai xa implicación de colectivos como o Grupo Femenino Socialista de Ferrol. Josefina Neira Fernández foi unha das militantes máis destacadas. Participou en mitíns, escribiu no xornal *El Obrero* sobre reivindicacións sociais relativas ás mulleres, e foi procesada por un dos seus artigos en 1919. A principios do 1920 o Grupo Femenino Socialista convocou mitíns pedindo o abaratamento de subsistencias e contra a subida do prezo do pan. Participaron, ademais, Carmen Neira, María Picallo (descargadoras da Alianza Feminina da Graña), Amalia Vergara, María Varela, Juana Montero (Sociedade de Augadoras) e América Ruiz. Despois este grupo perdeu protagonismo ata a II República con María Abella Castro como secretaria e Toribia Iriarte na dirección en 1933. Non só se ocuparon das desigualdades das mulleres e das súas condicións laborais, senón que tamén realizaron actividades culturais, conferencias e puxeron en marcha unha biblioteca. María Abella participou en mitíns nas eleccións de 1936 e foi fusilada en setembro do 36.

#### As mulleres nas eleccións

En todos os puntos do país, as mulleres participaron presentándose como candidatas ás eleccións (Concepción Alfaya López e Julia Becerra Malvar por Pontevedra; e Amanda

Rodríguez Guerra, pola Coruña); sendo concelleiras como Brígida Muñiz Suárez en Boiro; escribindo en revistas ou semanarios políticos (Mercedes do Campo e Carmen Lobeiras Pantín n' *A Nosa Terra*, Amalia Vergara en *El Obrero...*); creando asociacións e agrupacións, como por exemplo a Agrupación Republicana Feminina da Coruña na que se xuntan Amparo López Jean, Elvira Bao Maceiras ou a Agrupación de Mujeres contra la Guerra y el Fascio (Carolina Cruz, Elisa González Penedo, Dolores Viéitez Moreda ou Adela Melijosa Suárez, "la Santanderina"), a pesar das dificultades do acceso aos postos de dirección.

### **As mulleres sindicalistas**

Noutros eidos tamén temos exemplos, coma dentro do sindicalismo con Olivia Calvar Lemos e Dolores Blanco Montes (anarquistas); Consuelo Rabuñal Suárez (UGT); Javiera Outón Pérez fundou a Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza; Sofía Pazos, Rosario Vizoso, Ángela Collado, Antonia Tojo ou Bernardina Otero foron dirixentes do Sindicato da Industria do Tabaco, ou Florencia Marzoa Martínez que foi Secretaria da Xunta Directiva no Sindicato de Trabaxadores del Comercio da Coruña.

### **Pioneiras da política**

Entre as mulleres pioneiras da política na Coruña encontramos a Felicitas Longueira Germade (vogal do comité local executivo de Unión Republicana de Abegondo); Carmén Ginés América Muñiz en Izquierda Republicana; Elvira Pazos, Esperanza Carballido e Matilde de la Torre no PSOE; Dolores Mosquera, Josefa Freire, Mérida Jiménez, Concepción Montouto e María Otero (asasinadas as cinco o 20 de setembro do 36) do Grupo Femenino Socialista de Ferrol (panel 8); Trinidad Villalón, vogal do Comité Local do Partido Radical-Socialista, ou Isabel Ríos Lazcano, secretaria do PCE de Curtis.

En Lugo, Carmen Pérez García preside a Sección Femenina do Partido Republicano Liberal Demócrata; Enriqueta Otero Blanco foi responsable de finanzas e organización no Partido Comunista (sufriu a represión e foi encarcerada) e Francisca Rozas Gayoso na Unión Regional de Derechas de San Xiao de Mos (Castro de Rei).

En Pontevedra, a socialista Rosario Hernández Diéguez, "A Calesa", foi asasinada o 3 de setembro do 36 despois de ser rapada e sufrir torturas e violacións. Fondearon o seu corpo mutilado nas illas Cíes.

Por outra banda, en Ourense a durísima represión contra as traballadoras do ferrocarril marca a política da época, na que resalta Mercedes do Campo, que interveu na III e IV Asamblea do PG -en 1934 e 1935- como representante do Grupo Femenino de Ourense, Jesusa Prado López (presa no 36) e Anunciación Casado Atanes (panel 9). Esta última foi responsable do Partido

Comunista na comarca do Bolo cunha intervención política e sindical destacada. Os falanxistas exerceron unha violencia terrible contra ela: detivérona en San Mamede, foi torturada, violada e antes de ser asasinada, no lugar das Revendeitas, paseárona nun carro de bois polas aldeas da contorna. O rexistro da súa morte indica que a causa da súa morte foi “fractura e destrución da masa cerebral”. As pioneiras recibían así un claro aviso de non meterse en política con esta feroz represión e violencia. Este desexo de atemorizar exemplarmente a poboación coa exposición dos cadáveres é unha práctica continua. Así, os fascistas deixan os corpos esgazados de Salud Torres (militante PCE) e María del Valle Lozano (afiliada ao PCE) na Lomba de Lamas (Ourense), o 29 de outubro de 1937, e sementan o medo entre a xente (panel 9). Con este terror fascista péchase dramaticamente o período de dereitos sociais que abrira a proclamación da II República, o 14 de abril de 1931.

### **Dereitos das mulleres na Constitución da II República**

Na II República establecéranse unha serie de dereitos inexistentes en épocas anteriores (ben porque foran suspendidos pola ditadura de Primo de Rivera ou porque non estaban recoñecidos na Constitución de 1876), que tentaban equiparar os homes e as mulleres. Así pois, a II República instaurou:

- Dereito a voto. Grazas, entre outros factores, á encarnizada loita de Clara Campoamor apróbase o sufraxio feminino e as mulleres podemos votar nas eleccións de 1933. Aínda así, prohíbese que unha muller poida ser presidenta do Goberno.
- Lei do divorcio. No artigo 32 da Constitución da República recoñécese a igualdade dos dereitos entre homes e mulleres, e o casamento “poderá disolverse por mutuo disenso ou a petición de calquera dos cónxuxes”.
- Recoñécese, ademais, “os fillos fóra do matrimonio, a patria potestade sobre os fillos en igualdade de condicións e o matrimonio civil”.
- Suprímense no Código Penal, ademais, delitos coma o adulterio (ata este momento a muller podía ser encarcerada ata dous anos, mentres que o home podía manter cantas relacións quixese), o amancebamento ou a homosexualidade. A prostitución foi abolida polo decreto de xuño do 36.
- Neste mesmo ano do 36 permitiuse incluso, por iniciativa da Ministra de Sanidade Federica Montseny, a venda de anticonceptivos.
- Igualdade de dereitos laborais: o artigo 46 da Constitución elimina as causas de despedimento para as mulleres por casamento ou maternidade. Así, a lei de maternidade fai que as mulleres pasen a pagar unha cota trimestral que lles daba dereito a asistencia sanitaria no parto, indemnizacións etc.

Establece, ademais:

- xornada laboral de 8 horas
- xornadas nocturnas con 8 horas libres para descanso
- dereito de sindicación e asociacións
- descanso dominical (agás para traballadoras do fogar, que tamén quedan fóra dos seguros e das axudas á maternidade)
- establece a seguridade social (seguros por accidente laboral, paro etc.)

Todo isto tivo unha difícil implantación pola brevidade da República e porque os patróns non o cumpriron, pero foi fundamental este primeiro paso para as loitas posteriores.

Con todo, na equiparación de dereitos o logro máis distinguido da II República foi a participación da muller na vida política. Foron moitas mulleres as que militaron nos diferentes partidos políticos, sindicatos e nas diferentes asociacións recoñecidas no período republicano en Galiza. Sen dúbida, a II República ten a muller como protagonista. Este acceso ao mundo político e o seu papel indiscutible converteuse nun claro dinamizador das loitas sociais e dos dereitos legais que o movemento feminista viña demandando desde os diferentes colectivos. Todas estas forzas conseguen algo insólito nas primeiras eleccións ás Cortes Constituíntes en xuño de 1931. Se ata esta data as mulleres podían ser elixidas para cargos públicos pero non votar, nestas eleccións as cousas cambian radicalmente.

### **As primeiras deputadas da historia de España**

O 12 de abril de 1931 os socialistas e os republicanos gañan as eleccións municipais en gran parte dos concellos de España. Isto leva a que o rei Afonso XIII abdique e á proclamación da República o 14 de abril. Nas eleccións ás Cortes de xuño, mediante o sufraxio pasivo (elixibles pero non electoras) saen elixidas as tres primeiras deputadas da historia de España: Clara Campoamor (que impulsa a Unión Republicana Femenina neste mesmo ano), Victoria Kent (nomeada directora xeral de prisións) e Margarita Nelken (que xa publicara diferentes estudos sobre as condicións laborais das mulleres), ás que despois seguirían María Lejarraga, Julia Álvarez Resano, Francisca Bohigas, Veneranda Manzano, Matilde de la Torre e Dolores Ibárruri (panel 8). Elas foron as nove deputadas que houbo durante a República. O sufraxio pasivo permitiu que en Portas (Pontevedra) fose votada a primeira muller alcaldesa de Galiza, a mestra Concepción Pérez Iglesias (panel 8), que ocupou este cargo desde 1925 ata 1930.

Non será ata as eleccións municipais do 23 de abril do 1933 que se estree o dereito universal ao voto, xa que ata o momento a norma reguladora dos concellos do Estado, no artigo 51,

dispuña: “Serán electores en cada municipio os españois maiores de 23 anos, e elixibles os maiores de 25 [...]. Terán o mesmo dereito ao sufraxio as mulleres cabezas de familia, con cuxos nomes se formará un apéndice ao censo electoral de cada municipio. Figurarán nese apéndice as españolas maiores de 23 anos que non estean suxeitas a patria potestade, autoridade marital nin tutela, e sexan veciñas, con casa aberta, nalgún termo municipal”. O dereito a ser electas posibilita que Clara Campoamor sexa deputada do Partido Republicano Radical nas Cortes de 1931. Ela defenderá o dereito á igualdade fronte a un sector da esquerda que cría que as mulleres votarían masivamente á dereita empurradas pola Igrexa. A vitoria da coalición de esquerdas da Fronte Popular nas eleccións de febreiro do 36 bota por terra esta teoría.

Esta intervención na vida política, no ámbito público reflíctese, tamén, nos movementos asociativos que reivindicaban melloras laborais e sociais. As mulleres do téxtil, do peixe, do tabaco, dos serradoiros etc. organizáanse para participar en folgas e manifestacións, para acabar coas situacións de escravitude e precariedade, para ofrecer a conciliación e que as mulleres poidan formarse nesas escolas de amiga ou pasantías. Nesta defensa dos dereitos das mulleres tamén participan a Igrexa e a dereitista CEDA (panel 7), desde comezos de século, pero a prol dos seus intereses. Si propoñen a mellorar as condicións e educación das mulleres, aínda que como piar da familia. Desta forma, as mulleres, sobre todo das clases altas, participan en asociacións e mitins que van defender as ideas católicas, de familia e propiedade. Tamén procuran contrarrestar os avances do movemento obreiro ao tempo que promulgan a idea de que a muller só é apta para as tarefas do fogar e os coidados, mentres os homes son os que están destinados á política, aos estudos ou á creación.

### **O Partido Galeguista**

Neste contexto republicano agroman tamén as bases do Partido Galeguista, que recollerá diversas correntes e persoas próximas ao galeguismo (panel 7). A primeira agrupación feminina do Partido Galeguista nace na Coruña no ano 1932, pero non será ata 1934 cando a primeira muller, Mercedes Campo, fale nunha asemblea. María Pereira Rial, Maruxa e Isaura Calvo son as pioneiras en formar parte da directiva do PG. Dentro desta organización política, aínda que existen grupos de mulleres en case todas as vilas, cómpre salientar o Grupo Feminino de Ourense que, en 1936, edita un manifesto dirixido a todas as mulleres co gallo do referendo do Estatuto de Autonomía. Asinan e traballan polo Si Ernestina Otero, María Cruz Pérez González ou María Miramontes, entre outras moitas. É precisamente no plebiscito do Estatuto, o 28 de xuño do 36, cando as mulleres galegas votan por última vez.

No eido sociocultural tamén hai iniciativas durante a República que agroman e procuran

a defensa dos dereitos e a igualdade. Coa disolución das Irmandades da Fala, moitas das mulleres próximas ao galeguismo pasaron a formar parte das agrupacións republicanas. Desta maneira, na Coruña o 13 de abril de 1933 constitúese oficialmente a Agrupación Republicana Feminina (o seu regulamento indicaba que non se afiliarían a ningún partido político) e na súa primeira xunta directiva estaban como presidenta Elvira Bao; como secretaria Amparo López Jean; como vicesecretaria Blanca Dans; como tesoureira Celia Prego; como vicetesoureira Trinidad Villalón; como vogais Angela N., Manuela Díaz, Ramona Varela e Luísa Lens; e como vogais suplentes Matilde Fraga, María Rey, Elisa Castelo e Amparo Patiño. A súa actividade é incansable e vizosa nos tres últimos anos da República. Co golpe de Estado de Franco a represión e a violencia exercida sobre estas mulleres é dramática. As que saen da norma falanxista págano coa vida, a depuración laboral, o exilio, o cárcere, as torturas e a miseria. A militancia das mulleres é castigada con brutalidade. Hai mestras afastadas das aulas e presas, e militantes dos partidos progresistas, comunistas e republicanos son paseadas, asasinadas, violadas e torturadas. As mulleres con actividades públicas son depuradas ou obrigadas a exiliarse, e todas sen excepción pasan a ser titorizadas, polo que precisan do permiso dun home para vender unha herdanza, asinar un contrato de traballo ou saír do país (panel 7). Este é o caso, por exemplo, de Elvira Bao (depurada e presa); de Amparo López Jean (exiliada); de Juana Capdevielle (bibliotecaria asasinada; a única muller que participou no I Congreso sobre Pedagogía Sexual) ou o de María Miramontes, exiliada en Buenos Aires, quen formara parte da directiva das Irmandades da Fala da Coruña, asinara o chamamento público dirixido a todas as mulleres para que tomasen conciencia do valor do galeguismo e participara activamente na campaña de apoio ao Estatuto de Galiza (panel 8).

O golpe de Estado do 36 instaura o terror fascista cun alto custe en vidas, pero as mulleres seguirán a loitar polos seus dereitos e na defensa dos seus valores.

### 3.2.1 - ACTIVIDADES.....

O dereito ao voto ou sufraxio activo universal é un dereito que permite a cada cidadán e a cada cidadá (sen distinción de raza, identidade de xénero, orientación sexual, crenza ou posición económica) escoller as persoas que exercerán a súa representación grazas ao voto.

#### **Organizamos unhas eleccións. Poñémonos na pel das silenciadas.**

1. Dividimos a aula en dous grupos. Dentro dos grupos as rapazas organizan un programa electoral e as propostas para a aula, mentres os rapaces preparan as urnas, papeletas, o censo etc.

2. As rapazas candidatas de cada grupo expoñen os seus proxectos para a mellora das condicións da clase.
3. Procédese á votación, pero só poden exercer o dereito a sufraxio as rapazas.
4. Realízase o reconto das papeletas e, cos resultados, promovemos un debate sobre os diferentes procesos de votación e sobre a exclusión dos rapaces na toma de decisións que afectan ao conxunto do alumnado.

### 3.3- O ensino

No ano 1851 a monarquía pon a educación en mans da Igrexa, no concordato asinado entre España e a Santa Sé, recoñecendo a Igrexa católica como a única do Estado español co dereito a posuír bens, e a fiscalizar o ensino tanto dos colexios relixiosos como dos públicos. Isto vai provocar grandes deficiencias no ensino.

Nos albores do século XX, as escolas eran escasas e eran edificios precarios sen bibliotecas escolares, sen materiais axeitados para o alumnado e sen investigación pedagóxica. Ademais, a poboación rural estaba totalmente abandonada. En Galiza a lingua propia non só é marxinada (non aparece nos libros de texto) senón que o seu uso era perseguido. Diversas institucións como a Escola Froebel, en Pontevedra, ou as Escolas do Insiño Galego, con María Miramontes á cabeza, entre outras moitas persoas, tentarán revertir esta situación.

A partir de 1870 empezan a agromar asociacións que intentan paliar esta circunstancia. Neste mesmo ano nace a Asociación para a Enseñanza da Muller co obxectivo de formar as mulleres, mellorar o seu futuro laboral, defender a igualdade e erradicar o agravio comparativo que se dá no ensino entre ambos os sexos, como por exemplo no veto ás mulleres na secundaria e na universidade, vixente ata 1910. A esta fundación están vinculadas, entre outras moitas, a mestra compostelá Concepción Saiz Otero e Concepción Arenal.

Concepción Arenal será unha das moitas mulleres que loiten por un cambio real. Durante os cursos 1842-43, 1843-44 e 1844-45 asiste vestida de home a algunhas aulas de Dereito na Universidade. Despois de ser descuberta, foi sometida a un exame que superou con éxito e puido seguir asistindo ás clases. Enriqueceu e afianzou o seu interese polas cuestións xurídicas e penais que anos máis tarde serían de grande axuda ao ser nomeada, o 4 de abril de 1864, Visitadora de Prisiones de Mujeres. Neste traballo coñece a quen será unha das súas mellores amigas e colaboradoras, a condesa de Espoz y Mina, Juana de Vega. Froito desa experiencia persoal nos cárceres de mulleres son as *Cartas a los delincuentes* (1865), nas que aborda, entre outras, cuestións tan delicadas neste momento, como a necesidade de reformar o Código Penal. De aí tamén a súa coñecida frase: *Abride escolas e han pechar os cárceres*.

### **Institución Libre de Enseñanza**

No ano 1856 créase a Institución Libre de Enseñanza (ILE) en resposta ás trabas á liberdade de cátedra do goberno da Restauración, e que será fundamental para a renovación do ensino. Esta institución declárase allea a calquera imposición relixiosa, ideolóxica ou política, e proclama o dereito a liberdade de cátedra, á inviolabilidade da ciencia e o respecto á conciencia individual.

### **As melloras no ensino durante a II República**

Proclamada a II República o 14 de abril de 1931, a prioridade é o ensino. Era necesario ter unha poboación alfabetizada, xa que é un dos fundamentos dun estado democrático. A revolución que propugna este goberno da república é importante: mellor preparación para os e as mestras; mudan as materias e dáse importancia á filosofía fronte á relixión, ao debuxo fronte ao bordado; preparan docentes para atender o alumnado con necesidades educativas de aprendizaxe. Desde o principio aséntase que o ensino era a ferramenta máis importante (e segue a selo) para acabar coa desigualdade social. A todo isto, súmanse a posta en marcha de accións de atención social tal e como describe María Victoria Martins no seu artigo *Muller e educación*: "...cantinas, roupeiros, colonias escolares, conforman un conxunto de accións encamiñadas a traer as nenas á escola e paliar a pobreza de numerosas familias".

O goberno da II República sabía que un pobo sen cultura é máis doado de manexar, non pensa e non ten pensamento crítico, polo que quería recuperar todo o tempo perdido: aumenta o número de escolas, garante o acceso gratuíto a nenos e nenas e derruba a idea de que a cultura é só para as clases con máis cartos. As nenas, aínda que non todas, incorpóranse ás aulas e deixan de ser só man de obra nos seus fogares á espera de casar grazas a que se habilitan cantinas e roupeiros que axudan ás familias máis necesitadas a vestir e a alimentar as súas crianzas.

Por outra banda, a escola republicana é laica: entende que a relixión ten o seu propio espazo nos templos e non nas aulas. Dos edificios de ensino retíranse os crucifixos e o foco de interese pasa a ser o coñecemento. Ademais, contrátanse máis docentes, auméntanse os salarios do profesorado, actívanse plans para a súa formación e o goberno da república recoñece a súa importancia como persoas creadoras dunha sociedade máis culta, libre, avanzada e igualitaria. A creación de escolas era importante, mais tamén a formación dos e das docentes.

### **Misións Pedagóxicas**

No ano 1931 a Institución Libre de Enseñanza (ILE) pon en marcha as Misións Pedagóxicas co

fin de achegar a cultura ás vilas máis pequenas e que até ese momento non tiñan tanto acceso á educación como nas cidades. Unha das vías coas que se achegan a este obxectivo é abrir un número importante de bibliotecas públicas en toda a Galiza e dotalas de fondos con libros de literatura infantil e xuvenil. O labor realizado polo Padroado das Misións, creado baixo o decreto do Goberno da II República o 29 de maio de 1931, supuxo a maior campaña de lectura que se levou a cabo en moito tempo.

As actividades do Padroado centrábanse en tres aspectos: o fomento da cultura xeral, a orientación pedagóxica das escolas e a educación cidadá das poboacións do rural. Visítanse todas as escolas rurais para coñecer as súas necesidades, imparten leccións prácticas, realízanse cursos e excursións educativas que dotarán de maiores recursos teóricos e metodolóxicos as e os docentes. Daranse conferencias nas que se debaten principios democráticos: o sufraxio universal, a estrutura do Estado... Tamén será importante a creación da Residencia de Señoritas por parte da ILE en 1915. É un grande avance para as mulleres universitarias galegas. Entre as súas usuarias están a mestra lucense Concepción Fernández López, Olimpia Valencia (a primeira titulada en Medicina de Galiza), Paz Parada Pumar, primeira colexiada de Medicina (especialista en análise clínica) da provincia de Ourense ou a arquiteira coruñesa Rosa Solórzano Gutiérrez. Ademais, créase unha bolsa para estudar no estranxeiro que obteñen unhas duascenas mulleres, coma María Barbeito Cerviño, Antonia Ortiz ou Jimena e Elisa Fernández de la Vega.

### **A represión das mestras da República**

Todo este entusiasmo, esforzo e avances veranse truncados o 18 de xullo de 1936, cando estoupa o golpe de Estado contra a II República encabezado polos xenerais Franco, Mola e Queipo de Llano, que provoca a guerra civil en España. O proceso de represión posterior desenvólvese nun clima de terror. Os mestres e mestras da República sufriron unha persecución sen descanso por parte do réxime franquista.

Estas mestras protagonistas do gran cambio cara á democracia, a xustiza e a igualdade entre persoas no bienio que vai de 1931 a 1933 serán consideradas polo réxime como persoas perigosas, xa que as súas ideas progresistas para formar un pobo con cultura eran máis fortes ca as armas. Por ese motivo o réxime franquista centrouse naquelas persoas e institucións que representaban o "mal" a erradicar: escola pública, laica, mixta e ao alcance de todas as persoas e zonas da Galiza. O asasinato, as torturas ou o exilio son o froito da represión atroz que sufriron.

A partir de 1936 derogouse a coeducación, impúxose a ensinanza da relixión católica, o dereito por parte da Igrexa para inspeccionar todos os niveis de ensino, suprimíronse os

consellos escolares, pecháronse os institutos de bacharelato creados durante a II República e rematou o proxecto de todas as mulleres vinculadas á Residencia de Señoritas. As ideas de liberdade e equidade son derrubadas pola misóxina idea franquista de que a muller debe estar no fogar, supeditada ao home e coidando das crianzas (tendo en conta que neste momento non existen métodos anticonceptivos que desena a oportunidade ás mulleres de elixir se ter ou non fillos/as, ou o número que querían ter) que normalmente eran moi numerosas. O papel da Igrexa volve ser fundamental nesta idea contraria á liberdade de pensamento e de movemento da muller.

Unha das mestras que viviu este devir foi María Barbeito, con destino nas Escolas da Guarda. Puxo en marcha unha novidosa pedagogía educativa que a converte nun referente: é a introdutora en Galiza dos principios de María Montessori. No ano 1933 obtivo por concurso de méritos o cargo de inspectora mestra, e despois creou un Plan de Lectura Global para as escolas da súa zona de inspección. Despois do golpe de Estado é acusada de diversos cargos, entre eles:

- *Ser decidida partidaria de la coeducación que defendió particular y públicamente en conferencias.*
- *Haber actuado intensamente fuera de la escuela pronunciando conferencias en centros izquierdistas como Agrupación Femenina Republicana afecta a Izquierda Republicana manteniendo sus doctrinas izquierdistas que sostuvo en conferencias radiadas.*
- *Descuidar la educación moral de las niñas a las que no daba fundamento sólido para resistir los impulsos primarios de la naturaleza. Por esto dichas niñas sostenían frecuentemente conversaciones obscenas<sup>3</sup>.*

No ano 1937, María Barbeito é separada do servizo activo como mestra pola Comisión Depuradora do Maxisterio.

O franquismo encarnízase no maxisterio e asasinan mestras como Mercedes Romero Abella, Concepción González Mosquera ou María Vázquez Suárez. Esta última, mestra de Miño afiliada ao PSOE e a ATE, era unha gran defensora do laicismo na escola. O 13 de agosto do 36 fíxose pública a súa destitución da escola de Miño, que lle foi comunicada polo alcalde xa presa no cárcere de Pontedeume. O 19 de agosto foi conducida polos falanxistas e a Garda Civil ata Miño, onde a mataron. O seu cadáver apareceu con signos de violencia extrema. Outras mestras son detidas, como Tucha e Fina Dios ou Elvira Bao Maceiras. Esta última era militante do Partido Galeguista, secretaria da sección feminina das Irmandades e presidenta da Agrupación Republicana Feminina. Despois de pasar polo cárcere, os fascistas afástana das

3 Texto recollido da páxina web da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, proxecto A Coruña das Mulleres.

aulas. Tempo máis tarde, cando lle dan a oportunidade de readmitila se pide perdón e renega das súas ideas, ela contesta: “Pedir perdón por que? É a min a quen teñen que pedir perdón”. Moitas outras mestras son depuradas (Gabriela Nieto Chaín, Genoveva González, Rosario Blanco Gallego, María dos Ángeles Bouza-Brey Trillo...) e sobreviven montando academias ou dando clases particulares na casa, coma Nieves Adrio Sobrido. Cando regresan ás aulas son obrigadas ao desterro, como Carmen Parga, ou a dar aulas nunha realidade na que todo cambiara radicalmente. Os crucifixos volven colgar das paredes e as cántigas galegas das escolas do ILE son substituídas polo *Cara al Sol*. Aínda así, teñen claro que a educación é un pilar fundamental na formación das mulleres. En calquera caso, non todas as rapazas poderán ter dereito a ela. Nenas coma Josefina Cordal teñen prohibida a entrada na escola pola ideoloxía contraria ao réxime franquista das súas familias ou dalgunha das persoas da mesma. Todas somos herdeiras da súa loita por un ensino igualitario, público, laico e que chegue a todos os lugares, independentemente da situación socioeconómica das familias. Durante moito tempo a consigna foi o silencio, pero non permitamos que agora sexa o esquecemento.

### 3.3.1- ACTIVIDADES.....

En Galiza, na actualidade, a educación básica é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas.

1. *A lingua das bolboretas* é un filme en que se retrata como era a educación xusto antes do golpe de Estado.
2. Vemos a película e buscamos información sobre como era a educación antes, durante e despois do franquismo.
3. Ilustramos con imaxes os resultados e realizamos un cartel que colocaremos nunha parede da aula ou nun corredor.

### 3.4- A cultura

O século XX nace cunha idea clara: unha sociedade será máis libre canto máis instruída estea. De aí que esta sexa unha das grandes preocupacións das mulleres neste período, aínda que o seu acceso aos lugares públicos non fose nada doado.

As mulleres non só participaron nas reivindicacións agrarias e obreiras, senón que se organizaron en asociacións que facilitasen o acceso á educación das compañeiras, abriron bibliotecas, organizaron clases particulares etc., e formaron parte da vida cultural do momento. Ben é certo que nas actividades culturais estaban a ser relegadas a un segundo plano, polo que decidiron crear as súas propias asociacións e grupos. Iso foi exactamente o que aconteceu coas Irmandades da Fala, fundadas en 1916.

## As Irmandades da Fala

As Irmandades da Fala foi unha organización que durou ata 1931 e supuxo a consolidación do nacionalismo galego. Tiñan como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galiza e, entre outras moitas cousas, reivindican:

- Cooficialidade lingüística entre galego e castelán promovendo o galego en todos os niveis do ensino.
- Autonomía integral para Galiza.
- Formar parte da Sociedade de Nacións.

Por moito que se explicitase nos estatutos que sería unha organización que buscaba a igualdade real, isto aínda estaba lonxe de conseguirse. Desta forma, á primeira xuntanza, realizada na Coruña, só asiste Micaela Chao Maciñeira e iso xa supón un claro sinal da necesidade de crear unha agrupación feminina. Así que en 1918 nace a Sección Feminina das Irmandades con máis de 200 asociadas, aínda que xa antes desa constitución eran coñecidas como o grupo das Irmandiñas (nome co que pasarán á historia). Esta primeira directiva está composta única e exclusivamente por mulleres: a conselleira primeira foi Micaela Chao (despois vogal) e seguiuna Josefa Vázquez; secretaria: Elvira Bao; vicesecretaria: Ermita López; vogais: Rosa Martínez, Avelina Fernández, Genoveva Casal e Avelina Sandina.

Desde os seus inicios, a cultura e a lingua foron o centro dos seus traballos e o teatro é unha ferramenta de concienciación lingüística importante, xa que permite afondar en diferentes temas e chega a todos os estratos sociais. Polo tanto, as Irmandiñas van facer unha aposta seria por esta disciplina e pasan a formar grupos teatrais, representar obras ou tocar pezas de música entre os diferentes actos. O proxecto teatral que se desenvolve nas Irmandades é claramente anovador. En calquera caso, elas eran conscientes de que non só a cultura podía dar respostas ás necesidades do pobo galego así que participan e organizan actividades de protesta, como cando foi o fusilamento das labregas de Sofán, realizan “traballos patrióticos” (estadísticas sobre a situación laboral da muller, por exemplo), preséntanse nos actos públicos, establecen redes de contactos coas mulleres emigradas, editan folletos de propaganda, forman parte dos coros ou fomentan o coñecemento da música popular e do baile, entre moitas outras tarefas. Ermitas López Verdes, Genoveva Casal, Antonia Pardo Méndez, Mercedes Vieito Bouza, as irmás Meléndrez Bosch, Teruca Bouza, María Elvira Fernández López, Celia Bouzas, Juana Muñiz ou Carmen Sende son algunhas dos centos de mulleres vencelladas ao galeguismo e ás Irmandades que son, como di Aurora Marco, “Mulleres que deixaron a leira decruada e a semente botada. É tempo de recolleita”.

### **As mulleres do Seminario de Estudos Galegos**

Todo este traballo na sombra é recollido polas mulleres do Seminario de Estudos Galegos. Se xa é complicadísimo para as mulleres chegar ás aulas, o acceso ao espazo público ou consideración social cos seus iguais, dispoñer a maiores do tempo necesario para o asociacionismo xa se converte nunha odisea. Agora ben, mulleres como Carmen Rey, Pura Lorenzana ou Carmen Sierra van marcar a diferenza.

Primeiro porque se converten en mecenas e achegan unhas cantidades económicas que van permitir a realización de publicacións, proxectos e actividades. Lembremos que o Seminario de Estudos Galegos procura modernizar Galiza, e a súa lingua, a través da ciencia e dos estudos científicos. Entre as mecenas que fan posible este desenvolvemento e modernización están Encarnación Fraga, Matilde Pondal, Inés Corral, Mercedes Vilavella, Emilia Álvarez, Carmen Pardo, Daría González García e Ángela Santamarina Alducín, marquesa e condesa, a que maior cantidade achega (mesmo máis ca a propia Deputación).

Pero se o diñeiro é importante para poder realizar os estudos científicos, non o é menos o feito de que as mulleres colaboren co SEG, o que supón enfrontarse aos canons. Cursaron estudos universitarios e convertéronse así nas mulleres pioneiras e referentes nas artes e nas ciencias: Carmen Sierra, licenciada en Historia e docente, foi a primeira socia do SEG (Panel 13); Dolores Lorenzo Salgado, licenciada en Química; Amparo Arango Fernández, licenciada en Farmacia; María de la Encarnación Fraga Padín (panel 13); Sara Leirós (profesora numeraria de Filosofía e de Psicoloxía na Escola Normal de Ourense); Pura Lorenzana (profesora de Xeografía e Historia); Luísa Cuesta Gutiérrez (docente de Filosofía e Letras e bibliotecaria depurada no franquismo); Dolores Lorenzo Salgado (licenciada en Químicas e Farmacia); Celsa Pérez Moreiras (licenciada en Farmacia e axudante de técnica física na facultade de Farmacia); María Ignacia Ramos Díez, licenciada en Historia e escritora (panel 13); María Corredoira, pintora e membro de número da Real Academia Galega de Belas Artes (panel 15) ou Josefa Iglesias Vilarelle, licenciada en Maxisterio e autora de *Método de lectura*, o primeiro texto didáctico en galego para o ensino da lectura e escrita da nosa lingua.

### **A invisibilidade das pioneiras**

O franquismo fixo regresar as pioneiras á invisibilidade. Foron depuradas desde profesoras como Antonia Ferrín Moreiras (primeira astrónoma galega e profesora axudante de física e matemáticas na Universidade de Santiago); directoras de xornais como María Luz Morales Godoy (encarcerada e depurada) ou autoras como Amparo López Jean, Mariví Villarverde, Syra Alonso Brufau, Ana Alvajar e María Teresa Alvajar (exiliadas). Todas elas manteñen a memoria viva para as que veñen despois, xa sexa con publicacións, cartas ou textos desde os lugares

onde son obrigadas a escapar. Noutros ámbitos como o teatro, María Casares tamén se ve forzada a exiliarse, por ser filla do Presidente do Goberno da República Casares Quiroga, e nunca máis regresará a Galiza.

### **O deporte no franquismo**

Este borrado que fixo a barbarie non só se limita ao terreo cultural, senón que no caso das mulleres, por tanto falamos dunha represión de xénero, o deporte foi un dos grandes prexudicados. Ao longo da historia a relación da muller co deporte sempre foi un tema a loitar contra o patriarcado, a Igrexa, o franquismo. E, coma sempre, atopamos pioneiras que foron abrindo camiño, vencendo obstáculos e prexuízos.

Desde o século XIX as mulleres facían parte dos diferentes deportes (o primeiro club ciclista de mulleres data de 1890), pero coa chegada da II República o aumento de participación é exponencial, xa que se incorpora a súa práctica nas escolas.

Na década de 1920 as mulleres empezan a alzar a voz. Coa fin da primeira guerra mundial (1914-1918), a pesar de que o Comité Olímpico seguía rexeitándoas, atopamos xa as pioneiras en prácticas deportivas como o fútbol, o atletismo, a natación, a esgrima ou o esquí entre outras moitas modalidades. Nesta década dos 20, a coruñesa Irene González Basanta, primeira futbolista galega, non só xogaba de porteira e era capitá senón que o equipo levaba o seu nome, o Irene F.C., e os campos enchíanse para vela xogar.

Coa II República, en 1931, creceu a participación feminina no deporte, posto que comezaron a avanzar cara á modernidade e a superar algúns estereotipos masculinos. Aínda que había disciplinas nas que estaba mal visto que participase unha muller, aumentaron as oportunidades para elas.

En 1932, María Antonia Sanjurjo Aranz (doutorada en Xeografía) creou en Vigo o Atlántida Hockey Club, un equipo no que participaron xogadoras da cidade e arredores como Margarita Alonso, Gloria López, María Teresa Casabuena, Rosita Canellas, Lolita Santoro, Gloria Tapias, Tata Morais, Quinocha de Haz, Luz Vizcaíno, Carmela Sanjurjo (capitá), Margarita Tapias, Teresa Jáudenes, Minucha Tapias, Margarita Pardo, Nini Pérez Riveiro, Chicha Aymeric e Tere Sanjurjo. Nunha conferencia Sanjurjo defendeu a participación feminina no deporte e afirmou que na súa práctica é onde desaparecen todos os prexuízos e todas as distincións relativas á clase. A súa figura pasará a formar parte da historia e, tamén, como personaxe da novela de María Xosé Queizán, *Amor de tango*.

O compromiso político de Sanjurjo levouna a asinar *Un manifiesto de las mujeres universitarias*, que solicitaba o voto para a candidatura galeguista e no que as mulleres estaban en igualdade cos homes tanto a nivel de privilexios como de dereitos. Tamén Emilia Docet Ríos (enxeñeira

mercantil, nadadora, xogadora de hóckey) fai campaña a favor do Partido Galeguista e intervén no Mitin das Arengas. Docet, igual ca as compañeiras, abandonará o espazo público xa que todo o avance que lograran as mulleres rematou coa guerra civil e a ditadura franquista, que perdurou até 1975. Durante toda esa época, a vinculación das mulleres ao deporte estaba totalmente baixo decisión das autoridades do novo réxime.

A ditadura trae consigo un discurso moral e relixioso que afirmaba que as mulleres non podían realizar deportes que supuxesen o uso da forza ou a agresividade por medo á virilización. Considerábase que elas debían realizar actividades orientadas á súa función maternal, para reforzar a aparencia de fráxil e delicada, e debíanse realizar de forma moi condicionada levando as roupas que se considerasen adecuadas, evitando realizar educación física ou deporte xunto con homes. Aínda así e a pesar de todas estas limitacións, e da mentalidade de moitas persoas da contorna, algunhas mulleres non renunciarán a practicar deporte e gozar da actividade física.

### **As mulleres nas artes**

No comezo do século unha das preocupacións das mulleres era a formación das compañeiras. Así Lolita Díaz Baliño, virtuosa do debuxo e da acuarela, ten como alumna e despois axudante a Carmen Arias de Castro, quen será a responsable da liña de xoias de porcelana de Sargadelos e dos inicios de cerámicas do Castro. Tamén é partícipe da posta en marcha da fábrica de cerámica en Magdalena (Buenos Aires), no que se encargará do taller de decoración e da formación das traballadoras. Ela foi a cor de Sargadelos.

Lolita Díaz Baliño entra na Real Academia de Belas Artes en 1938, xunto con María del Carmen Corredoyra (integrante do Seminario de Estudos Galegos). Esta última só retomará a súa actividade artística despois da guerra. Noutros casos, como o de Maruxa Mallo, o exilio fai que non se recoñeza o seu labor ata despois do franquismo.

Maruxa Mallo fai amizade e forma parte da Xeración do 27 e do movemento denominado As Sen Sombreiro. Era o exemplo de muller moderna de gran tensión creadora. O golpe de Estado sorpréndea en Galiza, así que, vía Portugal, se exilia en Buenos Aires, e non regresará ata 1960. A represión franquista silenciou todo movemento de vangarda e non será ata a morte de Franco que lle chegue o recoñecemento.

### **3.4.1 - ACTIVIDADES.....**

A invisibilización é unha serie de mecanismos culturais que oculta a presenza de determinados grupos sociais. Están relacionados cos procesos que buscan impoñer a suposta superioridade dun grupo a outro, coma no sexismo, na homofobia, no racismo e en calquera tipo de discriminación.

**Quen é...?**

1. Cada persoa escolle unha das mulleres da exposición e investiga o seu traballo ou a súa obra.
2. Co resultado fai unha tarxeta que a identifique sen sinalar o seu nome.
3. Comezamos o xogo mostrando a tarxeta e o resto das compañeiras e compañeiros teñen que tentar adiviñar de quen se trata coas pistas que nós lles queiramos dar.

**3.5- As que dan a batalla**

Coa chegada da II República as mulleres continúan coa defensa e loita polos seus dereitos, pero os inimigos da República non deixan de sementar ameazas e morte. A represión no caso das mulleres ten dúas caras da mesma moeda: a vertente ideolóxica e a da xénero.

A comezos do ano 1931 en Moaña había unha gran conflictividade social debido aos enfrontamentos que se dan nos actos organizados polo sindicato Solidaridad Marinera, nos que defenden os seus dereitos fronte ás casas armadoras e conserveiras. Nesta situación convulsa, o 13 de abril organízase unha manifestación a prol da República á que só asisten mulleres e crianzas, sen ningunha presenza masculina adulta, e na que festexan cunha bandeira tricolor e música. Á altura do cuartel da Garda Civil orixínase un tiroteo e unha veciña da Seara, Cándida Lago Veiga tenta refuxiarse nunha das casas para protexérense ela e mais o seu fillo, e máтана alí mesmo. A dor e a desgraza non abandonan esta familia e, uns anos despois, a súa irmá Carmen Lago Veiga é rapada e escóndese nas viñas para salvar a súa vida.

As mulleres asócianse en Ourense, en 1932, no Comité Local Pro Paz (Isabel Torre, Agripina González, Teresa Pardo etc.), na Juventud Estudiantil contra la Guerra y el Fascio, en Vigo na Unión de Mulleres Antifascistas etc. Ao longo do país as mulleres continúan a loita polos dereitos e, por tanto, sofren as consecuencias coma o cárcere (por exemplo, Isolina Sousa ou Manuela Núñez Rivero).

**O xenocidio da represión de xénero no 36**

Co golpe de Estado de xullo do 36 a represión atangue carices dramáticos, xa que se converterá nun auténtico xenocidio. Comezan as rapas, os paseos, os asasinatos, e o medo ocupa cada currunchito.

Nieves Fariza Alonso, na súa etapa de mestra en Celanova, négase a impartir relixión. Os fascistas perséguenla e condénana a morte por esta mostra de oposición á Igrexa (xunto co capital era o punto de apoio dos golpistas), mais ela consegue escapar do camiión que a leva cara a unha morte segura. Nieves Fariza é un claro exemplo de quen racha coa barreira que delimita o público e o privado e rompe con todos os estereotipos sexistas da época que lle tocou

vivir. Superar estas limitacións fixo que posteriormente loitase a prol da igualdade e reclamase unha pensión para as viúvas dos homes que traballaban no ferrocarril e morrían de silicose. Ergueuse decidida contra as elites empresariais e políticas da capital. Co seu esforzo conseguiu unha mellora nas condicións salariais das persoas obreiras, que se lle aboase o desprazamento ata os seus postos de traballo e que o mal da vía (silicose) fose recoñecido como unha doenza laboral. Se antes o seu enfrontamento coa Igrexa lle supuxo a condena á morte, desta vez, o seu acto de rebeldía provoca que os empresarios, que non querían compensar as viúvas, a denuncien por exercer de laboralista sen ter o título e que acabe en prisión. Cando recupera a liberdade decide obter a titulación para evitar novas represións e abre un consultorio social en Ourense que na súa denominación dicía “Adelante” como manifestación da súa actitude vital e profesional.

### **As mulleres loitan contra o fascismo**

No verán do 36 o exército e a dereita fascista, co apoio do capital e a Igrexa, dan un golpe de Estado que acaba cos dereitos colectivos que o galeguismo, o agrarismo, o anarquismo e o movemento obreiro acadaran con grande esforzo.

Mais son moitas as galegas que loitan por impedilo. Así, perden a vida nas barricadas e na loita das súas vilas e cidades as viguesas María Suárez e Dolores García; en Lavadores, Concepción Pérez e Marina Rial, de só 11 anos; na Coruña matan a María Bello Paz (directiva da Sección de empacadoras do Sindicato de Industria Pesquera) e África Mandirolas Tojo (apoderada da Fronte Popular); a Ramona Noal Maneiro en Boiro; en Ribadeo a Rosalía Lastra; en Pontevedra a Elvira Lodeiro e Consuelo Acuña; e na defensa de Ferrol asasinan a Josefa Freire, Concepción Montouto, Dolores Mosquera, Milagros Nidáguila (“A Batalla”, militante das Juventudes Socialistas Unificadas) e a Josefa Gómez Mera (directiva do sindicato de UXT de Cargadoras e Descargadoras, o seu traballo consistía en cargar carbón, con cestos sobre a súa cabeza, para os barcos da Mariña). Nos anos posteriores os franquistas seguirán coas represalias ás persoas que participaron nestes primeiros enfrontamentos. Desta maneira, Amada García, que foi sometida a traballos forzados e arresto domiciliario no verán de 1936 por participar na defensa de Mugardos, foi detida en abril de 1937, acusada de ser unha líder comunista, e fusilada o 27 de xaneiro de 1938.

Entre 1936 e 1939 foron numerosas as mulleres asasinadas, represaliadas e silenciadas. Mais as cifras exactas non se saberán mentres haxa corpos enterrados nas cunetas e nos montes.

A presenza das mulleres nas barricadas espalladas por toda Galiza, nos apenas dez días que dura a resistencia ao golpe, provoca numerosas detencións, apertura de causas e condenas moi

duras en consellos de guerra sen ningunha garantía legal, con sentenzas decididas xa antes do inicio do xuízo, testemuñas falsas ou fusilamentos antes do xuízo. Desta forma, sen probas claras, en Pontevedra abren causa contra Emma Mourón Álvarez, Luísa Rodríguez Pereira “La Chinita” (xastra e militante das Xuventudes Socialistas), Hermosinda Blanco Blanco, Lola Lois Soto, María Fandiño Estévez, Victoria Méndez Laredo e Elisa Fernández Gracia. Foron acusadas de querer secuestrar as mulleres dos militares para usalas de escudo contra as tropas. A pesar da absolución por esta causa algunhas delas sufriron represión.

Juana Fernández “La Pañera” tamén é enviada a prisión acusada de agochar bombas para a resistencia, ata que dous anos despois é absolta e posta en liberdade. Non correron a mesma sorte as betanceiras Carmen Romay Cortés (acusada de asaltar a casa do sacerdote), Carmen Vázquez Lage “A Melgacha” (acusada de incitar ao asalto do cuartel da Garda Civil) e Felicidade Rodríguez Medín (acusada de resistencia), condenadas as tres a cadea perpetua. Por outra banda, na Coruña a uxetista Isolina Corvelle Piñeiro enfrenta unha condena á morte que logo sería conmutada a cadea perpetua, por alentar e fornecer as barricadas. A viveirense Carmen López Parapar “A Rabadela” é xulgada en Lugo por auxilio á rebelión, co resultado de sentenza a prisión de vinte anos por fabricar cartuchos e bombas con botes de leite condensado, para así facer fronte á columna que ía a Viveiro. En Ourense, a Gloria Arias, Rosa Fernández Lorenzo, Nila Fontaiña Freire, Javiera e Isolina González Fernández, Elisa Gutiérrez Lorenzo, Eusebia Iglesias Borrajo, Carmen Nóvoa Pereira, Josefa Pereira Gutiérrez, Veneranda Santos, María Sequeiros e mais a Josefa Tesouro Picouto apúxoselles a corta das liñas telegráficas e telefónicas para evitar a comunicación dos sublevados da cidade coa Garda Civil e por participar en requisas de armas. Elena Suárez Suárez foi encarcerada por asaltar a casa consistorial de Negreira para recuperar as armas incautadas.

O encarceramento tamén se lle aplica ás mulleres que participaron na defensa de Marín. Así, Ramona e Adelina Otero Martínez e Asunción Vilas López “A Vidala” son enviadas á prisión de Saturrarán, mentres que Dolores Santiago Troitiño consegue evadila grazas a que ten familiares falanxistas. Nesta liña, enfróntanse a xuízos a picapedreira noiosa Bríxida Quintáns, acusada de transportar dinamita; Otilia Meis Pintos acusada de agochar armas; e as ribadenses Aurora Porto, Petra Díaz, Rosario Parga, Mercedes Martínez e Magdalena Pérez por rebelión.

Aínda que a última loita contra os golpistas tivo lugar na volta da Moura (Tui), a resistencia de Lavadores, en Vigo, constitúe o último reduto das tropas franquistas contra as barricadas obreiras. Tivo lugar entre o 18 e o 28 de xullo do 36 e foi unha das resistencias máis férreas do país. Por ela enfrontáronse a cadea perpetua Rosa Rosendo, Araceli Rey, Carmen Bargiela, Angelita Martínez, Áurea Álvarez, Flora de Dios Rodríguez, Josefa Alonso Pérez e Emilia Gómez.

A listaxe das mulleres que, desde todos os lugares da Galiza, se organizan contra o fascismo é moi, moi longa e, sen dúbida, dunha grande afouteza. Incluso, co comezo da guerra civil, cando se constitúen as Milicias Galegas (rexemento republicano) as mulleres forman parte delas.

### **As mulleres nas Milicias Galegas**

A oficial Esperanza Rodríguez (Celavente, O Bolo) chega a ser detida, pero consegue escapar. Tanto ela coma Angelina Fernández Rocas, Paulina Rodríguez (de Valdeorras) ou Marciana (enfermeira) e Dolores Pimentel, entre outras moitas, farán traballos de intendencia e axuda á xente.

Os escasos recursos das Milicias Galegas fixeron que en agosto do 36 se integrasen dentro do 4º batallón da 1ª brigada da XI división do V rexemento do Exército Popular da República.

### **3.5.1- ACTIVIDADES.....**

Os dereitos sociais, económicos, laborais etc. que hoxe temos aséntanse na historia de todas as mulleres que loitaron para conseguilos.

As situacións dramáticas da represión non terminaron coa loita polos nosos dereitos. Poderías re-escribir a historia dalgunha destas mulleres cun final diferente baseándote na sororidade, liberdade e dereito á vida?

### **3.6- A resistencia solidaria**

O golpe de Estado do 36 non só tronza as reivindicacións dos dereitos por parte das mulleres, senón que se impón unha nova orde social que as relega ao ámbito do doméstico e a unhas condicións de miseria ao ver limitadas as súas posibilidades laborais e de sustento. Aínda así, as mulleres convértense en resistentes no tempo e na derrota e enfrontan o fascismo desde diferentes situacións. Así, por exemplo, non dubidan en dar acubillo ás persoas perseguidas polo réxime ditatorial.

Xa desde os primeiros momentos a represión extrema cara ás mulleres conduce ao asasinato de Manuela Rivera Vila (Cambás, Aranga) por agochar o seu fillo, de Erundina Álvarez Pérez (Entrimo) en setembro de 1936, ou de Dolores Samuelle Álvarez, "Perfecta", asasinada en Baiona o 13 de outubro por esconder dous homes na casa do cego que coidaba. Tamén neste mesmo ano de 1936, o 3 de setembro a vendedora compostelá Consuelo Otero Rial é paseada, e as veciñas de Lavadores Mariana do Lazo Estévez e Carmen Gómez Domínguez son asasinadas por axudar as persoas fuxidas no monte da Guía (Vigo).

Os asasinatos recrúan nos anos seguintes e os fascistas matan todas as que deciden protexer

as súas persoas achegadas. Mercedes Posada, Matilde González e Ángela Iglesias Rebollar "A Protestante" (Lavadores, Vigo) son asasinadas no 37, e tamén matan a Florentina Fernández Alonso, "A Cataplina" (Mos) en xaneiro deste mesmo ano por negarse a ser unha delatora, ou, entre outras moitas, a Evangelina Jaso González, o 24 de abril, por dar acubillo na súa casa de Tui.

Co paso do tempo non decae o estado do terror e o 28 de novembro de 1938 Isaura Pazos e a súa familia, Josefa Campos, Manuela Ruzo, Celia e Berta Carracedo, e mais as veciñas Laura e Rosa Porto Mariño son detidas e encarceradas. Isaura Pazos é condenada a doce anos de prisión por agochar persoas fuxidas e por se enfrontar aos gardas cunha escopeta na man. Así mesmo, o 11 de maio de 1939 a casa no Incio de Carme Maceda Macía, a coñecida como "Casa do Inverno", é asaltada pola Garda Civil na procura de persoas fuxidas. Carme Maceda morre horas despois a causa das feridas provocadas por unha bomba de man. A súa filla, Anuncia Rodríguez Maceda, é condenada á pena de morte, despois conmutada por trinta anos de prisión, mais non chega a saír do cárcere, pois morre no penal de Lugo en 1941.

Tamén son apresadas e enviadas á prisión por dar acubillo en Vilagarcía Amalia Suárez Araújo (12 anos de condena), María Arangunde Daponte e Carmen Becerra Graña "A Manca" (Panel 19). Nesta mesma vila é asasinada en febreiro do 37 Pilar Fernández (panel 19), nunha batida que os fascistas realizaron en Loenzo. Alí, préndenlle lume á casa na que se agochaba, xunto con outras persoas fuxidas, e decide suicidarse para non sufrir as torturas salvaxes.

### **Escenografía do terror**

Son estes anos en que non había límites para o terror, para o medo, para o silencio. A mensaxe de horror para quen protexía as persoas perseguidas, ou pensaba facelo, materializábase nos corpos torturados, mutilados e sen vida en macabras escenografías. Emilia Cabaleiro Amoedo, de Cabedo (Redondela), sofre tres días de tortura atroz antes de aparecer asasinada, o 16 de febreiro de 1937, no Alto da Concheira, na parroquia de Chapela. Coa mostra da brutalidade sobre o corpo fanado de Emilia Cabaleiro os fascistas procuran o espanto de quen lle leve comida ás persoas fuxidas no monte como ela fixera. As mulleres que, aínda así, deciden enfrontarse ás batidas que van buscar xente sufrirán unha represión abominable, como Juana Ferreiro Rodríguez (As Pontes de García Rodríguez), obrigada a cavar a súa propia tumba o 5 de setembro de 1936, antes de ser asasinada. Ou Juana Núñez Quintáns, paseada, asasinada e abandonada nunha gabia na madrugada do 23 de agosto do mesmo ano.

### **Fuxir ao monte**

Ante esta terrible realidade de horror, o monte será lugar de acubillo para moitas das mulleres

que foxen da barbarie, pero tamén o lugar da fame, do frío e da inseguridade. Este é o lugar onde escapan do longo brazo do fascismo mulleres como Dolores Moldes e Felicidad Fernández de Rubiá; Rosa Fernández da Arnoia; Rosa Pena de Lobeira; María Teresa Rodríguez ou, entre outras moitas, María e Generosa Fernández de Espiño (A Veiga).

Sobrevivir, nesta época, convértese nunha tarefa titánica e mulleres como Esperanza Vázquez Lastra e Dominica Álvarez Martínez (ribadenses), que loitan por manterse vivas, son encartadas por recibir cartos do monte, ou como Elisa Leiras Seijido, de Mesoiro (A Coruña), que ameaza cunha bomba de man nos comercios para obter comida e é condenada á cadea perpetua. Para as mulleres, neste momento da historia, manterse con vida é unha ardua tarefa, xa que ata os vínculos familiares ou veciñais son usados como escusas infames para acabar coas súas vidas. O 23 de agosto de 1937 asasinan en Monte Cubeiro (Castroverde) a Carmen Sarille Lenceiro (ama de casa) por ser irmá dun líder sindical e a Virgínia Meilán Varela (costureira) por ser parella dun home perseguido. Semanas despois, o 14 de outubro, no mesmo lugar executan a Manuela Graña Rico por ser irmá de dous sindicalistas. Mesmo unha actividade social como acudir a un velorio desata momentos de terror, pois a persecución fascista non coñece límite ningún. Así, en febreiro de 1938, cando María Xosefa Becerra Laiño vai velar unha persoa á que lle dera refuxio unha noite, non sabe que está a asinar a súa sentenza de morte. Asasinana o 24 dese mesmo mes. Tamén en 1938, o 16 de abril, un outro velorio será o lugar dun novo masacre. En Candedo (Ouro) alguén que asistía a un velorio na casa veciña da familia Casabella ve entrar un escapado e vai denunciar o feito. Os gardas fan unha batida na que asasinan a Felicitas Casabella Fernández, a súa irmá María Xosefa e a filla desta última, Encarna Carballo Fernández.

### **As redes das Casas de Acollida**

Neste momento as mulleres non só loitaron contra o fascismo dando apoio ás persoas fuxidas no monte, senón que facían de enlaces e montaron auténticas redes de casas de acollida.

Un dos centros máis importantes do movemento libertario de mulleres que participou na resistencia ante o fascismo era A Coruña, onde había unha rede de casas de acollida. O 10 de xullo de 1937 tivo lugar a Caída das Atochas, cando asasinaron a María Otero González e Alicia Dorado despois de que un Garda Civil infiltrado delatase a rede de casas-refuxio. Os posteriores interrogatorios, baixo torturas, conduciron ás restantes casas, incluída a de Basalisa Álvarez González "A Corales", quen conseguiu fuxir e pasou máis dun ano escondida nos montes próximos ata que no 38 foi apresada e condenada a vinte anos de cárcere por colaborar na tentativa de fuga na traíñeira *Tres irmáns* do Portiño. Nesta mesma Caída das Atochas, Marina Rey Sánchez, Aurora Miguélez Pena, Josefa Calvo Cortés, Sebastiana Vitales

Gastón “A Bastiana” e Petra Fajardo Pita (Panel 19) entre outras sufriron encarceramentos nunhas condicións durísimas.

Ao redor do Campo da Leña (rúa da Torre, Atochas etc.) organizáronse as casas como refuxios para acoller as persoas fuxidas, pero tamén para distribuír alimentos, roupa ou para levar a cabo a recadación de cartos. Moitas destas mulleres da Coruña, as chamadas Libertarias, tamén traballaron pola reconstrución da FAI (Federación Anarquista Ibérica) e a consecución dos dereitos e liberdades. As súas protestas no tecido obreiro foron desde o boicot ás fábricas que subministraban ao exército, no que participaron Francisca López Patiño e a súa filla Rosalía Flores López, operarias de La Primera Coruñesa, ata a acción de Romana Cameselle, Paz Lama e Dolores Rodríguez de La Artística, que gravan UHP (Unión de Hermanos Proletarios) en varias granadas Lafitte.

### **As críticas ao réxime fascista**

Se acudirille á xente fuxida, ir a enterros, ser familiar ou manterse con vida era de por si perigoso na época, non o era menos expresar unha opinión contraria ao réxime. Nieves Rivas, Amparo Garaboa, Amparo Álvarez e Consuelo Rodríguez (operarias da fábrica viguesa Hijas de Antonio Alonso) son detidas por cantar a “Internacional”. O mesmo lles aconteceu a Otilia Docamiño, María Teresa Cores e Piedad Lafuente, que cambian a letra de “cantos patrióticos” para insultar a Franco e a Queipo de Llano. Peor sorte corre a vendedora de xornais Consuelo Alonso González, denunciada en decembro do 37, rapada e asasinada o 13 de maio do 38 en Lugo. Consuelo Alonso foi acusada de escoitar radios republicanas, de ter ideas comunistas e de propagar comentarios despectivos cara ás tropas. A única acusación que recoñeceu foi levar unha bandeira republicana no enterro de cinco ferroviarios mortos.

### **As cartillas de racionamento. A fame**

Nesta complicada situación social do momento, unha das múltiples consecuencias da guerra civil e das máis duradeiras foi a fame. A falta de alimentos e a miseria era a situación predominante. Nada mais rematar a guerra, o goberno da ditadura franquista implanta o racionamento de alimentos. Isto só serve para ir sobrevivindo malamente, xa que as chamadas cartillas de racionamento, que proporcionaban unha cantidade mínima de alimentos, non alcanzaban a cubrir as necesidades básicas. Por unha parte, o nesgo de xénero facía que as mulleres só puidesen acceder ao 80 % do que recibía un home e, por outra, o nesgo de clase provocaba que houbo cartillas de primeira, de segunda e de terceira categoría segundo a posición social das persoas. As cartillas de racionamento convertéronse, entón, nunha nova arma de represión. Neste contexto e ante a fame extrema, o contrabando de alimentos, o estraperlo, foi a única alternativa de sustento.

**O estraperlo**

Para a poboación máis humilde, a historia do estraperlo é a historia da supervivencia. Para as persoas afíns ao réxime foi a ocasión de amasar grandes fortunas. A estas últimas, a corrupción permítelles afianzar os seus mercados alternativos, dos que obteñen enormes beneficios a custa da miseria da poboación, mentres que as familias máis pobres que vendían alimentos como pan, ovos e patacas para subsistir sofren continuas requisas, abusos nos trabucos, agresións, penas de prisión e mesmo fusilamentos.

Neste pequeno estraperlo, as mulleres tiveron un papel fundamental. Debaixo das súas saias cosían petos especiais nos que ocultaban os alimentos (así conseguían burlar os controis da Garda Civil) ou cruzaban a raia con Portugal e, en andainas interminables e perigosas, traían ao lombo ata vinte e cinco quilos de produtos cos que comerciaban. Carmen Caslderrey Dios foi unha, entre outros centos, das mulleres estraperlistas que arriscou a vida e atravesou a raia andando pola vía do tren para manter as súas fillas. Despois vendía os produtos de contrabando (café, azucre, pastas, aceite...) na feira do Deza. Tentar escaparlle á fame levouna a enfrontarse aos gardas e a sufrir penas de prisión.

A pesar das terribles consecuencias, as mulleres non desisten da resistencia posterior ao golpe de Estado para evitar a represión contra as persoas fuxidas. As razóns nalgúns casos teñen que ver con vínculos familiares, pero, sobre todo, pola súa militancia férrea a prol da liberdade. Traballaron na clandestinidade pola reorganización da actividade revolucionaria tanto no noso territorio (como Mercedes Núñez, que participou activamente na creación do Partido Comunista de Galiza e espallou a súa visión dos campos nazis nos que estivo apresada), coma fóra das nosas fronteiras, (como a xornalista viguesa Placeres Castellanos, que presta o seu apoio desde a resistencia francesa).

**3.6.1- ACTIVIDADES.....**

As cartillas de racionamento franquistas eran unhas tarxetas con cupóns en que aparecían os produtos (carne, arroz, pan, patacas etc.) e as cantidades que recibía unha persoa por semana. Estas eran de diferentes categorías, permitían un maior control dos recursos por parte do goberno e os alimentos que proporcionaban eran insuficientes. Ante esta situación, o mercado ilegal ou estraperlo converteuse no medio de vida para sobrevivir de moitas persoas.

1. Investigade os diferentes tipos de cartillas de racionamento e analizade as súas características e diferenzas (clase, xénero etc.)
2. Construíde a vosa propia cartilla de racionamento.  
Catro persoas da aula decidirán que alimentos se distribúen e de que maneira

segundo se as cartillas son de primeira, segunda ou terceira categoría.

As catro persoas que reparten teñen acceso a todos cantos cupóns desexen sen límite ningún.

3. Debatenos sobre a actividade:

- Pareceche xusto e equitativo o reparto?
- Cres que é suficiente para vivir?
- Precisaches converterte en estraperlista para completar a túa alimentación?
- Pensas que o racionamento é unha medida útil para a distribución de alimentos?

### 3.7- O exilio

#### A raia portuguesa

A raia portuguesa que tantas familias salvara de morrer de fame, tamén se converte en vía de escape cara ao exilio desde os primeiros momentos tras o golpe de Estado.

Eudosia Lorenzo Diz (mestra) foxe a Portugal coa súa familia para evitar ser fusilada, e agóchase nunha cova da ribeira do Labreiro ata que a policía salazarista a encontra, en 1938, e a expulsa a Marrocos. Tamén escapa desde o Porto cara a México a mestra Isabel Gómez Costas (a súa filla, Bela Bernárdez, tivo que agochase en Mos para non ser rapada), e Isaura Gómez Pérez atravesa o país veciño ata Lisboa para levar papeis e cartos cos que nunca deixou de axudar ás persoas fuxidas a pesar de todas as vexacións e dano que lle provocou o réxime. Ela foi un exemplo de solidariedade e firmeza nas súas ideas. Acubillou, foi rede, auxiliou e mesmo enterrou coas súas propias mans o home da súa amiga, a mestra tudense Josefa García Segret, cando estaba presa.

Jesusa Prado López é outra das miles de mulleres que atravesaron a raia para salvar a vida. En 1934 apoia os mineiros na Revolución de Outubro e é detida xunto coa súa filla Solita Figueiral. Dous anos despois volve aos cárceres de Celanova, Bande e Ribadavia por participar, en xullo, na defensa do goberno civil. Escapa, no último momento, do fusilamento e embarca en Lisboa rumbo a Cuba. Alí, xunto con María Araújo e a súa filla Dora Carcaño, é unha das pezas clave da Revolución Cubana e, ademais, continúa a prestar axuda ás persoas galegas fuxidas.

#### Fugas polo mar

Chegar ao mar, polo tanto, será, nesta época, unha esperanza para fuxir do terror. Desde o primeiro momento tras a chegada dos fascistas, as fugas sucédense nos portos de toda Galiza. Esta tendencia manterase con forza até o inverno do 37, cando a caída da fronte norte a mans dos sublevados complica a situación. A importancia do número de fuxidas por mar, e o éxito dalgunhas delas, é un claro indicador de que non estamos ante unha casualidade e que

si existían redes de apoio, nomeadamente na Coruña e Vigo, organizadas sobre a base dos sindicatos mariñeiros, vencellados na súa maioría á CNT.

Algunhas fugas coma a do vapor *Arkales*, na que participa Sara Mandiá, son moi temperás. Embarcaron o 21 de xullo de 1936, tras dar por perdida a resistencia en Cariño. Tamén nestes primeiros momentos consegue escapar nun pesqueiro, xunto con outras 23 persoas, a noíesa Emerenciana Patiño Hermida e chegar ao porto francés de Brest, así como Francisca López del Río (Miño, A Coruña). Esta última, parte na lancha *Golondrina*, despois de recibir un aviso sobre as intencións dos fascistas de paseala a ela e á súa familia. Chega a Bordeos e, despois de diversas vicisitudes, exíliase en Panamá.

Aínda que moitas fuxidas foron frutíferas, non todas chegaron a bo porto. As que frustraron os fascistas supuxeron os episodios máis tráxicos da represión franquista na Galiza.

### **As fugas da Coruña**

O mar supoñía a saída cara á liberdade, e polo tanto organizáronse unha gran cantidade de fugas clandestinas desde todos os portos. Na Coruña, trece delas tiveron éxito. Aínda así moitas outras remataron con violencia, coma a do Portiño. A represión nesta cidade é brutal, xa que a CNT, neste momento, é un poderoso sindicato anarquista que contaba con máis de 15 000 persoas afiliadas. O cruento desmantelamento das redes anarcosindicalistas provoca que o 3 de marzo de 1937 máis de sesenta persoas pretendan fuxir por mar cara á aínda republicana Asturias ou cara a Francia. O operativo da Garda Civil para evitalo converte o porto do Portiño nun massacre. Algunhas persoas tíranse ao mar, outras son levadas presas e dezanove serán fusiladas. Carmen Dalmau Pan é unha das mulleres detidas, pero non será a única. Nesta mesma cidade, dous meses despois, en maio, deteñen a Emilia Pérez Pazos pola tentativa de evacuación de militantes a bordo da lancha motora pesqueira *Sisargas* e condéana a vinte anos de prisión.

### **A traxedia do bou Eva**

Por outra banda, a saña e o terror tinguen de vermello e negro O Berbés o 23 de abril de 1937. Un grupo de nove persoas (galeguistas, socialistas, comunistas etc.), entre as que se encontra Carmen Miguel Agra, agóchanse na bodega no bou *Eva*, que estaba preparado para saír a pescar. Unha denuncia fai que os falanxistas o asalten. Arriman ao bou un barco de alxibe e asolagan con auga fría a adega do pesqueiro. Cando comprobaron que as persoas fuxidas non saían, decidiron botar auga quente. Neste momento, escoitáronse os disparos. Ante a perspectiva das terroríficas torturas dos fascistas, a xente escapada decidiu poñer fin á súa vida de maneira colectiva.

As fuxidas por mar non son exclusivas dos intres posteriores ao golpe de Estado. Pola fuga do bou *Ramón Ares* (chega a Francia e ten éxito) son procesadas en 1939 vinte e tres mulleres, e resultan condenadas Carmen Eiras Queijas e María Pazos Vázquez. Aínda en decembro de 1946 terá lugar a fuga do *Santa Teresa* desde a praia da Abrela, no Vicedo, que consegue alcanzar a Baiona francesa.

### O exilio

Despois do exitoso desembarco das tropas aliadas en Francia, en 1945, o mundo esquece a Galiza (que fora fonte de materias primas na segunda guerra mundial, así como apeadoiro loxístico). Unha vez finalizada a guerra, aínda que non a represión, foron moitas as persoas do mundo intelectual, político e de distintos oficios, que seguiron o camiño do exilio. Algúns deses destinos foron elixidos e outros simplemente viñeron ditados polo azar ou as circunstancias persoais e familiares: Francia (tiña ao seu favor estar preto), a Unión Soviética (fíxose cargo dos chamado “nenos da guerra”), Inglaterra, México, Cuba, distintos países de América Latina e un longo etcétera.

Fuxiron ao exilio políticas, mestras, escritoras, actrices, pensadoras, milicianas etc., para despois sufrir un segundo exilio, o do silencio. A súa voz foi discriminada nos libros, nos documentais, nos estudos e na historia. Elas loitaron, aquí e fóra, pola liberdade, pola democracia, polos dereitos e deixaron un legado que foi borrado pola ditadura. Por iso, é preciso ter en conta todo o seu labor, para que non sexa media historia, a dos homes, a que nos están a contar.

A lista das mulleres exiliadas é interminable. Isabel Castromán (O Carril); Palmira Díaz Gallego (Sarría); María Quiroga (Valdeorras); Amparo Pena Seijido (A Coruña); Mercedes Magdalena García (Pontevedra); Ascensión Concheiro García (Ordes); Luisa Viqueira Landa (Bergondo) ou Virxinia Pereira (Pontevedra) son só algúns dos exemplos da sangría que supuxo para a terra este terrible período da nosa historia.

O seu esforzo nos países que as acollen vai ser duplo: por exiliadas e por mulleres. Logran refacer as súas vidas como comerciantes, políticas, mestras etc. con moito traballo, e continúan na loita antifranquista do exilio galego, así como na dos dereitos das mulleres. Josefina García, “Pepa Noia”, ou Dionisia López Amado son algúns exemplos das pioneiras das Nais da Praza de Maio, activistas en defensa dos dereitos humanos e que loitan por procesar os responsables dos actos de lesa humanidade.

### 3.7.1- ACTIVIDADES.....

O exilio é o feito de estar obrigatoriamente lonxe da propia terra debido á expatriación, voluntaria ou forzada, causada por unha circunstancia que pode provocar a morte ou penas de prisión.

1. Identifica os lugares do planeta aos que se viron obrigadas a exiliarse as mulleres sinaladas nesta unidade.
2. Nun mapa interactivo, sitúa as cidades e/ou países que recibiron as mulleres expatriadas, así coma os seus nomes.
3. Podes incorporar algunha muller máis e algún outro país?

### 3.8- A guerrilla

Sen as mulleres, a loita antifranquista e a guerrilla serían imposibles de soste. Elas son as que crean as redes de acubillo e axuda, ao tempo que facilitan as diferentes vías de escape. Por este motivo, a represión contra as mulleres abrangue todos os ámbitos da vida, desde o social pasando polo familiar ata o político.

A ditadura comeza a denominar as mulleres que loitan polos seus dereitos e defenden a causa republicana como compañeiras -ou concubinas- dos maquis, e tamén como roxas. Este último termo fai referencia dunha banda a unha opción política que desde o criterio fascista era condenada e condenable, e tamén a unha catadura moral reprobable e punible. De aí a morea de mulleres acusadas de “conduta licenciosa”, malos antecedentes, catalogadas como persoas “perigosas” ou “de dubidosa moral”, que acabaron nos cárceres franquistas. Isto lévanos a un feito máis grave: a non ser cualificadas coma presas políticas, senón coma delinquentes. Será este o motivo polo que, unha vez no cárcere, o réxime pon a funcionar toda a súa maquinaria de terror para domear e reducir toda idea revolucionaria. Non só tiñan que ser redimidas ideoloxicamente senón tamén espiritualmente.

As prisións de mulleres son pensadas polo goberno fascista como espazos para a reeducación social e moral, e nisto xogará un importante papel a Igrexa. As “roxas”, na ideoloxía fascista, eran unhas depravadas, e máis se eran milicianas, o contrario do tipo de muller que quería impoñer o réxime ditatorial. As prisións convertéronse no centro do sistema represor para todas as mulleres.

A listaxe das presas por colaborar coas partidas é interminable: Carmen Filgueiras Vázquez (Mugardos); Clarisa Rodríguez Pérez (Meiral, O Barco); Laura Nicolás (Silleda); María Blázquez del Pozo; Ofelia e Libertad Amaro López e Teresa López Ayán (Repil, Monforte de Lemos) ou, entre outras centos e centos, Olimpia Barcia Fernández e Maruja Vilar, que van á cadea despois de ser obrigadas a facer de criadas para o inimigo.

Non hai piedade para as mulleres. Axudar ás partidas, xa sexa por ter familiares ou por simpatía, é castigado con malleiras, vexacións, torturas, cárcere e crimes, como nos demostra o asasinato (despois de ser torturada) de Encarnación Valle Carrera, a quen tiran desde a ponte do río Casaio (Valdeorras), mentres que as súas fillas Celia, María e Clotilde Valle Valle e mais

as súas sobriñas Ludivina Valle e África Álvarez van presas.

Ser familiar dunha persoa da guerrilla levou a prisión a Encarnación Loureiro e, entre outras centos, a Josefa Penabad ao campo de concentración de Ribadesella xunto coa súa descendencia (Jesús, Digna e María) e as súas irmás, Nieves e Virginia.

Dar acubillo fixo que os fascistas torturasen e asasinasen o 19 de outubro de 1939 na aldea do Val (Rubiá, Ourense) a Concepción Fernández Cardóniga e mais á súa filla Remedios Fernández. Foron colgadas dunha cerdeira diante da veciñanza e queimáronlles a casa. Co mesmo pretexto, no 49 mataron a María López Casanova en Repil (Monforte de Lemos), por ser a dona da vivenda que dera acubillo a unha partida.

Facer de enlaces coa guerrilla tamén ten consecuencias atroces para as mulleres.

### **A Cidade da Selva**

En 1939, nos arredores de Casaio (Carballada de Valdeorras), a lexión asasina a Amparo López e mais ao seu home. Desde ese momento as fillas, Consuelo e Antonia Rodríguez López, convértense en enlaces. Despois de pasar por prisión e por torturas, deciden botarse ao monte na Cidade da Selva. Este era o nome que se lle deu a un conxunto de campamentos guerrilleiros que, entre 1941 e 1946, funcionou na comarca de Valdeorras, nos montes de Casaio. Esta rede chegou a acoller máis dun cento de persoas antifranquistas, e as mulleres non foron alleas. Na Cidade da Selva están Alida González “La Penca”, Alberta Viñales “A Chata”, Alpidia García “Maruxa”...

A represión e os crimes prolónganse no tempo. Así, son torturadas salvaxemente e asasinadas en 1947 a leiteira da Fervenza Carmen Jerez por facer de enlace, e en 1948 Consuelo García Meixide para facer presión na xente que abastece a guerrilla en Oroso, mentres que Hortensia Mosquera non sobrevive a unha malleira no cuartel de Mesía.

### **As mulleres guerrilleiras**

Neste tempo de resistencia, as mulleres antifranquistas ademais de ser apoio, acubillo e enlaces, tamén participaron da loita armada contra a ditadura. A persecución das guerrilleiras do monte durará décadas e non terá medida. O papel destas mulleres, ademais da loita armada, é fundamental para a supervivencia da guerrilla galega, xa que manteñen para os enlaces a estrutura do Servizo de Información Republicana, SIR, e expoñen a vida a diario ao convivir cos mesmos gardas que procuraban acabar con ela.

*Guerrilla non é sinónimo de violencia nin daquel bandolerismo que pintaron de brocha gorda. Foi un idealismo feroz, ética pura e romanticismo; ao maquis español débelle moito a*

*democracia mundial e é preciso que as novas xeracións saiban que a liberdade en España non naceu por xeración espontánea.*

Enriqueta Otero, guerrilleira.

Os golpistas chamábanlles ás guerrilleiras as 'queridas' dos 'bandoleiros'. Exercían sobre elas unha atroz represión patriarcal e a súa máxima expresión era a agresión sexual. Desta maneira, pretendían escarmentar unha caste de mulleres que desafiaba o réxime ao transgredir o rol tradicional no que o franquismo quixera confinalas. Polo tanto, a participación das mulleres na loita armada da guerrilla era un feito de resistencia política que ía moito máis alá das relacións familiares ou afectivas que puidesen unilas cos homes. As guerrilleiras eran mulleres de fortes conviccións comunistas, anarquistas, socialistas ou mesmo sen filiación política, pero dispostas a loitar contra o fascismo.

A democracia e a liberdade aséntanse na loita que mantiveron estas mulleres, e pagaron a un alto prezo por defender uns ideais democráticos e libertarios. A "caza" das guerrilleiras é unha sangría sen final. As que non remataron no cárcere, foron brutalmente asasinadas. Así, as guerrilleiras anarquistas de Cervantes (Lugo) Consuela Alba Digón e as súas fillas Florinda e Domitila Gutiérrez son enviadas ao campo de concentración de Figueres; Manuela López Suárez de Carres (Cesuras) é fusilada por colaborar coa IV Agrupación; a Garda Civil asasina a Claudia Escudero Yáñez, en 1942, na tentativa de acabar coa guerrilla da Serra do Eixe; no 47 matan a Claudina Calvo Álvarez, veciña de Casaio; o 25 xuño de 1948 asasinan a guerrilleira Antonia Díaz en Vilanova de Lourenzá (Lugo); no 49, en Silán (Muras), matan a Celia González Pernas ("Celia da Ferraría") e a Josefa Escourido Cobo ("A Lúa") nunha batida...

A miúdo, incluso, existiron núcleos familiares de apoio e combate guerrilleiro do que formaron parte mulleres, como as irmás Clementina, Josefina e María Remedios Gallego Abeledo (Mugardos). Esta última, alcumada Marita, chegou a ser comisaria política dun destacamento da IV Agrupación do Exército Guerrilleiro.

O 5 de xuño de 1945 comeza a fin da guerrilla galego-leonesa cando os fascistas fan unha redada na casa de Catalina Martínez Núñez (Columbrianos, Ponferrada). Asasínana, e alí encontran moita información clave que levará a máis de 500 detencións. A pesar disto, os crimes e as torturas non se deterán.

Enriqueta Otero, mestra e militante do PC, vai presa ao cárcere de Las Ventas (Madrid) por participar nun motín para manter a resistencia (alistárase como miliciana e chegou a ser comandante). Consegue fuxir da prisión capitaneando un grupo de reclusas nunha fuga masiva e regresa a Lugo para incorporarse á guerrilla co nome de María das Dores. En 1946 é detida, torturada e condenada a morte. Só a presión internacional logra que lle conmuten a pena de

morte por 30 anos de cárcere. En 1966 volve á súa aldea, e como lle impiden ser mestra monta o seu propio proxecto cultural, O Carriño.

Contra o final desta década aínda se mantivo a brutal represión contra unha resistencia que se negaba a abandonar o compromiso político. Así, o 5 de marzo de 1949 en Zas (Negreira) asasinan a guerrilleira Carmen Temprano Salorio, "A Moza", de Oleiros, mentres que Carmen Teiga e Agustina Teiga, que lle deran acubillo, son condenadas a 15 e 5 anos de prisión respectivamente. Ese mesmo día, no Val de Paramos (Val do Dubra) foi abatida Manuela Teiga, que fuxira coa partida. En novembro de 1950, Asunción Gallego, que se botara ao monte na Cidade da Selva, pégase un tiro cando os gardas incendian a casa onde se agochaba.

Na década seguinte, nos anos 60, a comunidade internacional exerce maior presión e denuncia que hai enlaces da guerrilla en cárceres coma o de Alcalá de Henares, é dicir, presas políticas, con penas de entre 25 e 30 anos. O franquismo, nunha tentativa de abrirse a Europa, nega a súa existencia e tenta facelas pasar por presas comúns, por bandoleiras ou por terroristas. A esta descualificación hai que engadir a crueldade de ver como a súa descendencia ou ben morría no cárcere por falta de atención, pola fame ou polas enfermidades, ou separábase das nais para reeducala nos valores dos vencedores, os valores fascistas.

### **As guerrilleiras da chaira**

Outros dos eixes da represión totalitaria foi a tentativa de deixar a guerrilla sen apoio. De aí que se desatase unha durísima persecución contra as guerrilleiras da chaira, xa que mostraban unha complicidade ideolóxica e un compromiso persoal que o réxime non podía tolerar. Nesta tentativa de abafar as persoas que vivían na clandestinidade no monte, a ditadura tenta eliminar todo o apoio da chaira desterrando familias enteiras.

En 1946, a detención da enlace Carmen Balboa en Ordes leva á prisión e posterior desterro de María del Carmen Rivas Vaamonde (a unha prisión de Valladolid), de Pilar Sánchez Vázquez, da súa filla Ermitas Pena (a Tordesillas) e de María Pérez Mellid. Esta última non soporta o desterro e morre en Tordesillas no mesmo ano.

Mesmo hai familias enteiras, como a de Carmen Villaverde Filgueira que son obrigadas ao desterro. Carmen Villaverde verase na obriga de marchar cara ao exilio coa súa descendencia para non volver. Traballa nunha pensión de Águeda (Soria) para sobrevivir, pero polo menos poderán manterse unidas. Non é a situación de Antonia Barreiro, xa que cando deteñen a súa filla, María Remuiñán Barreiro, en 1948, obrígana a separarse dun fillo que tiña unha discapacidade. Ela non pode soportar o afastamento e camiña para velo. Morre na neve que cobre o camiño. Outras como Ramona Curto Candal, Mirelle, que sobrevive a unha batida en 1965, fuxirán cara ao exilio para non volver ata a morte de Franco.

A loita segue no cárcere e moitas guerrilleiras galegas participan na folga de fame do 49 na prisión de Segovia. Ademais, fan circular panfletos e no 59 son incontables as cartas de apoio que chegan á Federación Mulleres Democráticas para axudar na denuncia da opresión do réxime. Nos anos 60 a presión internacional sobre a ditadura respecto ás presas políticas intensifícase, pero o réxime négase a recoñecelas, xa que consideraba que as detidas despois da guerra eran as máis perigosas debido a que tentaban reconstruír a estrutura dos partidos políticos democráticos actuando de enlaces na guerrilla, traballando e crendo na causa republicana e sostendo os valores libertarios. Nin sequera a reclusión nos cárceres conseguiu que renunciásemos aos seus principios, senón que desenvolveron as súas propias estratexias para manter a súa ideoloxía. Desta maneira, e de xeito clandestino, facían actividades culturais, formaban as compañeiras e alfabetizaban a aquelas que non sabían ler ou escribir, e ademais transmitían os valores que o réxime quería silenciar custase o que custase.

### 3.8.1- ACTIVIDADES.....

Apoiar a guerrilla era un delito moi grave, polo que as guerrilleiras se converten en opositoras e moitas son duramente reprimidas como tales.

O réxime oprímíaaas por seren opositoras e por mulleres. A represión sexuada foi atroz e sanguinaria, polo que algunhas delas, co fin de evitar as torturas e vexacións, deciden unirse á guerrilla do monte.

1. Visionamos o documental *As silenciadas* de Pablo Ces e Aurora Marco, ou *La isla de Chelo*.
2. Ao rematar o filme organizamos un cine-foro que nos permita expoñer as nosas opinións e artellar un debate ben argumentado sobre o seu contido.

### 3.9- O corpo da muller, campo de batalla e a represión de xénero

O novo réxime armouse de mecanismos de coerción para conseguir un Estado masculinizado e cun único partido político legalizado, e non dubidou en aplicar severas e humillantes violencias sobre as mulleres que desafiaron durante a II República a orde patriarcal tradicional, converténdooas en vítimas dunha dobre represión: pola súa condición política e pola súa condición feminina. Para os fascistas, o corpo da muller convértese en campo de batalla e a represión acadou cotas de vexación e sufrimento estarrecedoras.

## A represión sexuada

A idea de xénero ten unha especial relevancia ao estar representada como unha auténtica construción cultural modificada e modificable. O franquismo, coma se fose barro, durante corenta anos, moldeou ao seu antollo as condicións de vida sociais, familiares, económicas e políticas das mulleres. A violencia despregada neste sentido respondeu a unhas estratexias punitivas moi concretas que atacaban directamente as características propias do corpo das mulleres. Esta represión sexuada procura o sometemento desde a deshumanización, a humillación e as vexacións ata a completa anulación dunha poboación feminina que non respondía ao concepto de xénero dos fascistas. Así, as mulleres serán represaliadas tanto no ámbito político-social como pola dimensión sexuada da súa realidade. Os seus corpos reciben as formas máis extremas dunha violencia que xera o control patriarcal. A represión adquire, pois, un xénero concreto, dependendo de a quen vai dirixida, cales eran as súas pretensións e cales os seus métodos de aplicación.

As represalias que padeceron as mulleres pretendían anulalas totalmente, e producíronse principalmente no ámbito extraxudicial e privado, sen que quedase constancia documental. Por un lado, os fascistas servíanse do terror para as agresións e violacións en acto de servizo, por exemplo nos asaltos domiciliarios, e, por outro, das brutais humillacións ás que sometían ás vítimas. O silencio só se rompe por contados testemuños orais que foron quen de transcender. Ademais, a todo o anterior debemos engadir que as mulleres non só foron represaliadas por estaren vinculadas a partidos políticos, sindicatos de esquerdas, por ideais republicanos, por participar en folgas, manifestacións ou mitins, senón que tamén foron sinaladas, perseguidas e acosadas por seren familiares de persoas que enfrontaban o fascismo. Unhas sufrirán a prisión por este feito, coma Josefina Arruti Viaño, que estivo presa 18 meses e dous anos de arresto domiciliario en Pontevedra, mentres que outras son vítimas das salvaxes agresións na súa casa, na taberna, na rúa etc., porque neste momento calquera espazo cotián é un lugar de tortura. Manuela e Aurora Líster Forján (Calo, Teo) criáronse nunha familia de ideas sindicalistas e comunistas, e iso leva a que os seus familiares se boten ao monte. Entón, elas encárganse non só de soste economicamente a súa familia, senón de facer de enlaces, de levar roupa e comida ás persoas presas. Os falanxistas maltratáronas para que contasen onde se agochaba a xente e nunca o fixeron.

En Santiago de Compostela, Maruxa, Coralía e Sarita Fandiño Ricart tamén medraron nunha familia de sindicalistas e dirixentes da CNT. As tres irmás sufriron agresións constantes, que ademais as levaron á pobreza extrema, xa que a xente deixou de facerlles encargos de costura polo medo ás represalias. As irmás Fandiño tolearon como consecuencia de todo o vivido, pero seguiron a vivir en Compostela coa axuda da veciñanza que lles tiña moito aprecio.

En Pontevedra, Custodia Gama Casalderrey vai presa corenta días por ser familiar de comunistas. Padece malleiras, é rapada e obrígana a varrer as rúas da vila cun cartel nas costas e outro no peito que poñía "Comunista". Tamén levan presa a Estrella Portela, moza do seu irmán. Tatúanlle a fronte e rápana. A familia tenta afastar a irmá, Adelina Gama Casalderrey, deste terror e mándaa ao exilio. Cando chega a Buenos Aires, o trauma era tal que tivo que ingresar nun psiquiátrico.

Estes escarnios públicos eran un xeito de provocar vergoña, inseguridade e medo, e consolidáronse como mecanismos de humillación e degradación; é dicir, usáronse para dar exemplo a quen valorase a posibilidade de enfrontarse ao réxime. Utilízanse para o sometemento total. Desta forma, obrigan as irmás Candida e Pastora Cordal Garrido (Cambados) a danzar nús no medio da praza; a Pilar Montero Rodríguez, Carmen Sar Pena e María Pena Díaz (modista afiliada á CNT), despois de ser detidas, a limpar as dependencias ferrolás da Falanxe durante semanas; Josefa e Asunción Francés Carpintero e Loreto Pereiro (O Porriño) son rapadas no palco da festa e obrigadas a marchar pola vila, e Bríxida Muñiz, concelleira galega de Boiro en 1936, é obrigada a desfilar polas rúas detrás dun tamborileiro despois de ser rapada.

A orde social represiva, altamente influenciada pola Igrexa católica, responde a un sistema patriarcal que executa a represión sobre quen non queira acatala, desde a censura, a educación e a lexislación, e manterase mesmo despois da morte do ditador en 1975.

### **O modelo patriarcal do réxime fascista do 36**

Nas épocas previas ao golpe de Estado as mulleres ocuparon os espazos públicos da política, accederon ao mercado laboral, sindicáronse para conseguir a igualdade no traballo, conseguiron o dereito ao voto etc., pero o franquismo impón un modelo totalmente contrario baseado no silencio, na invisibilidade, en servir ao home e educar a descendencia, na dependencia da figura masculina e na obediencia no fogar. A represión, que continúa despois da chegada ao poder do bando nacional, foi máis alá da vinculación política e esténdese a todo o que o réxime considerase "transgresión da orde social e a moral tradicional".

A maioría das mulleres non son sinaladas pola súa ideoloxía, senón pola súa suposta carencia de pudor e moral. Todas as roxas son, por definición, putas, dexeneradas, a antítese da muller decente, e os vencedores poden facer con elas o que queiran. Deshumanizan as vencidas como paso previo a sometelas a toda sorte de abusos.

O corpo da muller é, para os vencedores, un campo de batalla en que escenificar a humillación da derrota. Rapas, tatuaxes na pel, agresións sexuais, toma obrigada de laxantes, varrido de rúas, desfiles de peladas nús etc. son agresións represivas que a misóxina ditadura aplica

sobre as mulleres nun ataque directo ao xénero feminino coa finalidade de privarlas de liberdade e pensamento propio.

### **A rapa**

A rapa é a agresión máis común, pero da que temos moi poucos testemuños, aínda que os fascistas pelasen centos e centos de galegas. Resulta imposible aproximar un número de vítimas porque a vergoña e a humillación farán que sexa un tema do que non se fala. Aínda así, a vilagarcía Juana Otero pide que lle saquen unha foto ao volver do cuartel, para que a historia nunca esqueza o que lle fixeron. Das escasas probas gráficas que conservamos das rapas temos unha fotografía da marinense Elsa Omil (porque a precisa para o pasaporte co que foxe aos EEUU) e outra da boirense Encarna Silva na que se lle ven as marcas nun retrato que fai co mozo.

As mulleres que non seguen o patrón franquista misóxino e se negan a seguir o guión falanxista padecen un acoso interminable e doloso, como Elena Piñeiro Castro, a boticaria de Carnota que organiza audicións de Radio Pirenaica. É rapada na praza da vila e é acosada constantemente polos falanxistas xunto coa empregada da casa María da Pelexa, de Vilar de Parada; Manuela García Castro e Otilia Fernández Obelleiro rapadas na taberna de Outeiro (Pontevedra) ou Sara Caramés, militante do Partido Galeguista que abandeira no 36 unha manifestación a favor do Estatuto, que é rapada na Estrada. As súas amigas, nun xesto de sororidade, irán buscala ao cuartel con pano e sombreiro.

### **Tatuaxes na pel**

Moitas veces a rapa vai acompañada da tatuaxe na pel de cruces relixiosas ou das siglas UHP. Póñenllas na fronte á pontevedresa Olivia Tomé e levan presa a súa nai, Aurora Loureiro, e ás irmás Mercedes e América.

As vexacións que a represión sexuada exerceu sobre o corpo das mulleres é dun sufrimento infindo e aterrador. Carolina Regueiras, unha moza de tan só 24 anos, é violada e asasinada o 28 de xuño de 1937 en Tamallancos (Ourense). Os fascistas tiran o seu corpo na estrada a Vilamarín.

### **Violencia sexual**

A violencia sexual que exercían os fascistas de maneira sistemática ten un impacto severo nas vítimas (e na comunidade que permanece aterrorizada), e caracterízase por unha brutalidade atroz. Asunción Berea Mora (A Coruña) é violada diante das súas fillas; Encarnación Rodríguez (Ribadumia) é rapada, violada e déixana cega ao botarlle cal viva por riba; Ofelia Weninger

Dacosta (Mos) é maltratada, humillada e violada reiteradamente ata que ten que ingresar nun sanatorio mental... Os danos físicos e psicolóxicos que producen estes crimes estaban protexidos e alentados polo réxime como estratexia de dominación e arma de guerra.

### **A maternidade. O roubo de bebés**

A maternidade é tamén, neste momento, outra das ferramentas utilizadas polos fascistas para anular as mulleres.

Por unha banda, as presas só poden ter con elas as crianzas ata os tres anos, pero as durísimas condicións dos presidios fan que moitas nin sequera sobrevivan a ese período. Por outra banda, as mulleres son despoixadas da patria potestade (que se lles dá aos homes) e ás represaliadas impónselles a separación da súa descendencia, como lle aconteceu a Urania Mella. Ademais destas dúas situacións anteriores, debemos engadir outra forma de abuso franquista: o roubo de bebés.


Ao longo de toda a ditadura hai roxas que son afastadas da súa descendencia nunha trama macabra e cruel: ás nais dinlles que a súa crianza naceu morta e as criaturas son entregadas a familias afectas ao réxime. Este mantén un negocio nas diferentes clínicas e hospitais da Galiza, que ten unhas consecuencias dramáticas imposibles de cuantificar e que se apoiaba nos decretos que o propio réxime impón para favorecer este crime contra a humanidade.

Hoxe en día, só podemos aproximar o número de crianzas "roubadas", unhas 30 000, pero case con toda probabilidade esta cifra só sexa a punta do iceberg dun negocio do que se lucraron as persoas afectas ao réxime e algunhas ordes relixiosas, mesmo despois da morte do ditador. Só a partir de 1996, ano en que as leis empezaron a cambiar, comezan a desvelarse estas subtraccións, e non será ata 2008 que encontremos a primeira iniciativa xurídica para investigar este crime que viola o dereito humano de calquera persoa a coñecer a súa identidade.

### **3.9.1- ACTIVIDADES.....**

A violencia de xénero executada durante o franquismo tiña como obxectivo impoñer un modelo único de muller. Para conseguir isto, elas sufriron agresións coma os homes, pero tamén houbo outros abusos máis específicos a maiores, coma as rapas, a obriga de inxerir aceite de rícino, os paseos das rapadas e a violencia sexual. Na guerra utilizouse o corpo das mulleres como campo de batalla e o modelo patriarcal imposto establece os seus alicerces na dobre represión de xénero.

1. Investigamos sobre o sistema de marcado que empregaban os nazis nos campos de concentración e que consistía en anacos triangulares de tea cosidos á roupa.



Estas marcas eran obrigatorias e indicaban o “delito” que cometera a persoa.

Así, as diferentes cores significaban:

- Amarelo ▼ para persoas xudías.
- Vermello ▼ para persoas prisioneiras políticas.
- Verde ▼ para criminais comúns.
- Azul ▼ para emigrantes.
- Violeta ▼ para testemuñas de Xehová ou estudantes da Biblia.
- Rosa ▼ para homes homosexuais.
- Negro ▼ para mulleres asociais, mulleres homosexuais, prostitutas, vagos, sen fogar, persoas inadaptadas, persoas enfermas mentais, persoas xitanas, anarquistas, persoas alcohólicas e adictas ás drogas.
- Marrón ▼ posteriormente utilizado para as persoas xitanas.

Estes triángulos podían superpoñerse para indicar varios “delitos”, e no caso das persoas xudías engadíase tamén unha estrela amarela de seis puntas. Ademais deste código de cores, algúns grupos tiñan letras no centro do triángulo para indicar o seu país de orixe:

- B para belgas (Belgier)
- F para franceses (Franzosen)
- I para italianos (Italiener)
- P para polacos (Polen)
- S para españois (Sicherheitsverwahrter —en detención preventiva— ou Republikanische Spanier —persoa republicana española—)
- T para checos (Tschechen)
- U para húngaros (Ungarn).

As persoas republicanas españolas levaban un triángulo vermello —como marca de presas políticas— ao que se sobrepoñía, por indicación de Franco, un triángulo azul que indicaba que eran apátridas.

2. O profesorado colocará nas costas do alumnado algunha destas marcas sen que sexa vista pola persoa a quen se lle coloca.
3. Sen poder mencionar os datos que incorpora a etiqueta, realizaremos un debate sobre a represión de xénero e tratarase a persoa tal e como se espera desa “etiqueta”. Cadaquén, pola reacción das súas compañeiras e compañeiros, tentará adiviñar que triángulo ten pegado ás costas.
4. Reflexionamos sobre a actividade:
  - Como inflúe en ti esa primeira imaxe que che dan da persoa?  
Como te sentiches ao comunicarte con ela?

- Cal é a túa opinión sobre este sistema de “etiquetas”?
- Relaciona estas marcas coas que se lles poñían ás mulleres na época franquista e analiza as consecuencias.
- Cres que é xusto e igualitario etiquetar as persoas?

### 3.10- Cultura democrática

En Europa o período entre 1942 e 1945 vai cambiar drasticamente o panorama e a organización política. As diferentes potencias vanse aliar para contrarrestar os fascismos. O 25 de xuño de 1945, pouco antes de que remate a segunda guerra mundial, cincuenta e un países asinan a Carta das Nacións Unidas. Este documento supón o tratado fundador da ONU e nela os países asinantes comprométense a tentar solucionar os conflitos de maneira pacífica, así como a establecer relacións de colaboración económica e social. A España rexéitanlle a súa entrada na ONU coa seguinte xustificación:

*Na súa orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, o réxime de Franco é un réxime de carácter fascista, establecido en gran parte grazas á axuda recibida da Alemaña nazi de Hitler e da Italia fascista de Mussolini.*

Resolución das Nacións Unidas do 12 de decembro de 1946

Durante case unha década a ONU négalle a entrada a España (Cuestión española) polas simpatías e colaboracións coas potencias do eixe fascista derrotadas na segunda guerra mundial, pero en decembro de 1955, en plena Guerra Fría (1948-1991), van permitir a súa incorporación, a pesar da falta de liberdades da ditadura franquista.

A incorporación á ONU vira dada pola situación xeográfico-estratéxica de España, que resulta moi interesante no conflito que mantén a OTAN (con moito peso dos EEUU e os países capitalistas) contra a alianza militar dos países soviéticos de Europa do Leste (Pacto de Varsovia). Aínda así, as potencias aliadas seguen a condenar a política do réxime franquista e non convidan a España a formar parte do plan Marshall nin a entrar na OTAN (non o fará ata 1982).

Neste contexto, a oposición democrática do Estado reformula a loita de guerrillas que mantiña, e a mediados da década dos 60 o PCE (Partido Comunista Español) lidera unha nova fase política, co obxectivo de instaurar a democracia e a monarquía, e coas bases no movemento obreiro e estudantil (seguinto os movementos sociais composteláns e franceses do 68). Tamén é o momento en que rexorden os nacionalismos vasco, catalán e galego.

### A disidencia despois de 1960

O franquismo vai perseguir, de maneira sistemática, todas as posicións políticas que discutan ou confronten os postulados do réxime. En 1963 crea a Brigada Política Social (BPS) e o Tribunal de Orde Pública (TOP) para reprimir toda disidencia.

A BPS foi a policía secreta durante a ditadura, e estivo asesorada pola GESTAPO respecto ás técnicas de tortura. As súas accións represoras, para acabar con toda a oposición ao réxime, foron un auténtico terror. Así mesmo, o TOP foi a instancia xudicial especial creada para limpar a imaxe no exterior do franquismo, que pretende entrar na Comunidade Europea, e xulgar aqueles actos que consideraba delitos políticos (asociación ilícita, propaganda ilegal, manifestación ilegal ou desordes públicas). É dicir, 28 anos despois de que acabase a guerra, o TOP substitúe os consellos de guerra e os tribunais militares, xa que pretende dar unha imaxe máis civilizada do seu sistema represor. A súa actividade mantívose ata o 4 de xaneiro de 1977.

Estes denominados delitos políticos (colocar carteis contra a guerra de Vietnam, por exemplo) levan á expulsión do colexio maior en que residían da pontevedresa Teresa Viñas e de Pilar Allegue. A familia desta última non podía permitirse grandes gastos para pagar os seus estudos. Grazas á sororidade do pai dunha amiga, Pilar Allegue puido conseguir un préstamo da Caixa de Aforros de Vigo e terminar a carreira. Neste tempo na Complutense entra en contacto co nacionalismo organizado politicamente, faise militante e participa nos Comités de Nacionalidades. En 1973 Pilar Allegue regresa a Galiza, onde continúa o seu labor político, social, dá aulas en galego, e é responsable, en 1975, da creación da Asemblea Nacional Popular (ANPG) que irá en coalición electoral no 77 coa UPG baixo as siglas BN-PG. Dous anos despois, Pilar Allegue é elixida como concelleira do Bloque por Pontevedra.

A loita da mocidade galeguista en Madrid, da que participou Pilar Allegue, artéllase no Comité das Nacionalidades, xunto con Euskadi e Cataluña, e nomeadamente a través do Seminario de Cultura Galega do Club de Amigos da UNESCO, que dá aulas de historia, literatura e pensamento da Galiza. Pertencen ao Seminario Natalia Escrig, Carmela Arbones, María Cagiao, Sabela Pita, María Rábago etc.

Por outra banda, o asociacionismo que agroma nos anos 60 en Galiza forma cadros novos que se achegan á realidade nacional a través do repartimento baixo corda do *Sempre en Galiza* e dun control e censura absoluto por parte do réxime franquista, xa que antes de organizar un acto público era obrigatorio enviar un guión ou o texto completo á Garda Civil para o seu visto e prace. Non serán poucas as sancións que se executan.

### **Movemento cultural**

Esta situación de censura provocada polo réxime tamén terá unha resposta, desde unha perspectiva de país, por parte de agrupacións culturais como, entre outras moitas, O Galo (Compostela, 1961), Abrente (Ribadavia, 1969); O Facho (A Coruña, 1963); o Club Cultural Valle-Inclán (Lugo, 1966) ou Auriense (Ourense, 1969). Moitas delas nos seus comezos, nos anos 60, desenvolven principios políticos contra a ditadura, pero acaban por centrarse en agrupar as persoas defensoras da lingua galega e en fomentar e dar a coñecer a creación cultural propia. Desta maneira, achegan unha realidade social e humanística que promove o respecto á diversidade e pon en valor a riqueza cultural da comunidade. Así, a cultura convértese nunha ferramenta efectiva contra a ditadura.

O sector cultural artéllase contra a falta de liberdade e a prol da nosa lingua, e leva a cabo iniciativas que achegan espazos de resistencia contra os fascismos, como a campaña de recadación de cartos que fai a Asociación Cultural O Galo. O diñeiro recollido ten como obxectivo a organización do Premio de Teatro Castelao. A obra *Un hotel de primeira sobre o río* de Xohana Torres é a gañadora da edición de 1966.

Así mesmo, falar de resistencia cultural con perspectiva de xénero é falar de *Alborada*. Palmyre Ros, militante do PCE, é a promotora desta revista clandestina para mulleres. Nacida en Francia a golpe de exilio, Palmyre chega a Vigo en 1963 da man da Alianza Francesa e axiña contacta con referentes indiscutíbeis como Antía Cal. O primeiro número de *Alborada* sae en 1966.

O segundo non pode ser distribuído xa que Palmyre é detida o 16 de xuño por propaganda ilegal, e tras ser liberada exíliase en Francia. O control e a censura seguen a funcionar como instrumento represor.

Nas artes plásticas o réxime tamén intervéñ para embridar as súas manifestacións. Así, en 1968, Beatriz Rey é acusada de "injurias a la Nación, al Ejército y a la Guardia Civil" por un gravado que expón nunha mostra en Tui e que axiña será clausurada. Tampouco outros referentes culturais da época como a Mostra de Teatro de Ribadavia e os cineclubs conseguen escapar da censura.

### **A música e a canción protesta**

Por outra banda, a música é, neste momento, outra forma potentísima de protesta contra a ditadura. Xorde o movemento da Nova Canción Galega, que amalgama todo un pobo berrando a golpe de cancións a prol da liberdade. O estudantado universitario empregaba guitarras e voces para defender ideas de liberdade, xustiza e igualdade, aínda que en moitas ocasións pagasen con multas e persecución. Esta situación, con distintas modificacións nas leis que aplicaba a censura, prolongouse tamén durante a época da transición, unha vez morto o

ditador. Así podemos lelo nun Real Decreto do ano 1977 asinado polo rei Xoán Carlos I: *...que sexan contrarios á unidade de España, que constitúan demérito ou menoscabo de Institución Monárquica e das persoas da familia Real (...) asemade, poderá decretarse o secuestro administrativo dos impresos gráficos ou sonoros, obscenos ou pornográficos*".

A maior representación da Nova Canción Galega é Voces Ceibes, xurdida en maio do 68 tras as mobilizacións na Universidade de Compostela. O nome foi idea de Margariña Valderrama, que é unha das súas fundadoras e gran defensora da lingua e cultura galegas. A canción protesta esténdese por todo o estado e loita non só contra a censura senón tamén contra un réxime franquista que, o 25 de xaneiro do 69, declarou o estado de excepción e paralizou os recitais. Neste momento, as cancións protesta adquiriron un inesperado poder contra o muro do franquismo. Así, as cantantes e os cantantes, con habilidade e mesmo botándolle humor, lograban canear os mecanismos censores creando letras que non eran o que parecían, como o grupo Benedito e Bibiano, coa canción "Can de palleiro", que dicía: *Tu fuerte dentadura se va para abajo ¡Abajo la DENTADURA!*

O 9 de marzo de 1968 anúnciase, na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela, un recital da Nova Canción Gallega, Nova Cançon Catalana e a Nova Canción Castellana como primeiro encontro de tres culturas, pero os sucesos estudantís, que se iniciaron por aquelas datas, impediron a celebración do festival. O concerto terminará por celebrarse, en abril do mesmo ano, na Facultade de Medicina.

### **O ámbito universitario**

Como vimos, o ámbito universitario vai ser clave na toma de conciencia da xeración nada despois da época republicana e que se concreta na década dos 60. Por unha banda, a descendencia da xeración represaliada, unha nova fornada de docentes da Universidade sucesora do espírito crítico da Institución Libre de Enseñanza e, curiosamente, fillos e fillas da xerarquía franquista, únense nunha fronte común contra un réxime xa en devalo. Por outra banda, as persoas estudantes combaten a represión cunha queima de xornais, en xaneiro de 1968, con folgas ou cun histórico peche, do 10 ao 12 de marzo, na Facultade de Filosofía. Calquera destes actos considérase subversivo e é castigado con dureza polo réxime que non está disposto a abrir a man. Nestas mobilizacións participarían, entre outras, Mari Carmen Nieves "Pasionaria", Luz Rubiños, Marisa Melón, as irmás López Facal e Carmen Panisse.

### **A revolución compostelá de 1968**

A solidariedade con Compostela vaise estender por todo o país; así, a ferrolá Josefa Piñón Seoane queda fichada cando asina un manifesto. Esta revolución compostelá é previa ao maio francés e vén orixinada polo represivo ambiente franquista. Ademais, engádese o feito de que, desde a primavera de 1968 o movemento obreiro se vai vincular coa loita do movemento estudantil, xa que son moitas as universitarias e universitarios de finais da década dos 60 e na seguinte dos 70 que se implican coa loita obreira e se suman ás manifestacións da clase traballadora. Aos dous colectivos uníaos a defensa dos seus dereitos e a loita antifranquista. Nin a loita nin a represión contra os estudantes e as estudantes rematan en 1968. A ferrolá Ánxela Loureiro participa na manifestación do Primeiro de Maio de 1976 e, pese a que xa morrera o ditador, pasa dous días en comisaría. Ela fora unha das alumnas que, no ano anterior, gañaran un xuízo, o que supuxo un fito a nivel estatal, tras seren agredidas con cadeas por un grupo de extrema dereita.

### **O idioma**

A lingua galega tamén foi outro dos obxectivos do réxime. O desprezo cara a esta é tal que a converte noutra vítima da represión franquista. De aí que é de vital importancia o compromiso das agrupacións culturais nadas nos sesenta, que buscan romper coa visión do galego como fala de baixo prestixio social cun uso que só se reduce ao folclore ou á familia. Estas asociacións culturais promoven a resistencia cultural e a loita contra o réxime impartindo cursos, celebrando o Día das Letras Galegas, espallando a nosa literatura con recitais, ciclos, a publicación de títulos no noso idioma ou o fomento do seu uso no ensino. Neste momento, como a lingua galega foi apartada dos ámbitos institucionais, culturais e dos usos escritos, falar galego en contextos institucionais ou formais era interpretado como unha clara confrontación ao réxime. Polo tanto, son moitos os exemplos de mestras e mestres, de autoras e autores que, ao loitar por manter a nosa lingua, sufriron represalias por parte do réxime, coma María Xosé Queizán, Xohana Torres ou Luz Pozo.

Tras un primeiro momento en que os cadros nacionalistas non usan o galego para non descubrir a súa militancia, a partir de 1972, a UPG anima a facelo e esta escolla colle forza desde 1975. A morte do ditador non supón a fin da represión da lingua. O decreto de bilingüismo de agosto de 1979 confírmase coma unha arma de represión e sanción ao profesorado que usa a lingua galega.

Unha das persoas que sufriu o acoso polo uso do galego foi María Victoria Moreno, escritora homenaxeada en 2018 no Día das Letras Galegas. Aínda que era mestra de lingua e literatura castelá, dedicaba sesións a ensinar lingua galega. No 72 empeza a impartir aulas de galego

a mariscadoras vilagarcíás vinculadas co movemento feminista. Por este motivo, a policía faille “unha visita” para tomarlle os datos, e disólvenlle a clase alegando que era unha reunión ilegal. Este será o primeiro aviso. Ao ano seguinte retíranlle o pasaporte por dar aulas en galego no Ateneo de Ourense, claramente antifranquista. Pese a esta retirada do documento e de figurar nunha lista negra de mestras e mestres, ela seguiu fiel ao seu compromiso coa lingua e, no ano 1973, sairá á luz a súa primeira obra en galego, *Mar adiante*. Asume con afouteza as consecuencias sociais e políticas do seu compromiso coa lingua e publica case toda a súa obra en galego.

Nin sequera a entrada en vigor da Constitución de 1978, nin a Transición, nin a chegada da democracia vai poñer fin á represión contra as mulleres e a lingua.

Despois de varios anos percorrendo Galiza, Pepa Baamonde chega á escola de Rois, preto de Compostela. Alí, o secretario do Concello e a APA denuncian que a mestra chairega dá aulas en lingua galega, polo que foi expedientada en 1980. É a primeira persoa represaliada pola Consellería de Educación por utilizar o galego como lingua vehicular na aula. En 1981 é suspendida de emprego e soldo durante seis meses. As folgas e as mobilizacións no seu apoio contan cun respaldo masivo.

A represión contra as mulleres e a lingua tamén incorre con dureza nos medios de comunicación despois da chegada da democracia. En 1983, a presentadora do telexornal Tareixa Navaza é afastada do seu posto de traballo por dar lectura ao manifesto da mobilización contra a reconversión industrial que fai o sector naval en Compostela. Mándana aos corredores, a non facer nada, pero ármase tal balbordo que a restitúen no seu posto. Será só ata o 28 de xuño de 1984. Encargada de retransmitir o traslado dos restos de Castelao a Bonaval, Tareixa decide intercalar retallos do *Sempre en Galiza* co relato de cargas policiais contra a xente que berra “A Castelao non se lle traizo. Galiza ceibe, poder popular”. A partir dese momento, Tareixa será condenada ao ostracismo.

### 3.10.1- ACTIVIDADES.....

A Transición é un período político moderno que transcorre desde a morte do ditador Franco, o 20 de novembro de 1975, ata a entrada en vigor da Constitución de 1978. Neste período tivo lugar a transformación social do Estado desde a ditadura ata a democracia.

1. Recompilamos información sobre a produción cultural, artística, musical etc. e sobre a situación das mulleres ao longo deste período de transición.
2. En grupos de dúas ou tres persoas, realizamos un vídeo en que expoñamos como foron estes anos e incluamos as diversas producións culturais.

Podes revisar os feitos pola youtubeira e tiktoker @pradorua, como por exemplo [este](#) para coller ideas.

3. Proxectámoslos na aula, debatemos sobre eles e gardamos a información para desenvolver a tarefa da seguinte unidade.

### 3.11- Traballar a prol da democracia

Na segunda metade do século XX a loita das mulleres non cesa. Non só a daquelas que teñen unha ideoloxía claramente antifranquista, senón tamén as de que, polo feito de seren mulleres, son invisibilizadas como traballadoras. O réxime ditatorial entende as súas protestas como actos subversivos contra o goberno, pero iso non detén as súas mobilizacións en distintas comarcas. En Pontevedra, en 1952, rebélanse contra a imposición do pago de cotas ás Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos, que eran homólogas ao agro ao sindicato vertical (o sindicato do réxime) e enfróntanse aos axentes que van realizar os embargos. O agro non se rende.

Así, as mulleres traballadoras de todos os sectores mobilízanse contra todo aquel que ataque o seu modo de vida: as mariscadoras opóñense á instalación da fábrica de celulosas de ENCE en Lourizán, e mobilízanse tamén contra as dragas que se efectúan nos terreos fértiles de Arcade e Ponte Sampaio en 1965; as labregas de Vilaboa e Guísamo protestan contra a construción da Autoestrada do Atlántico; en Sarria, sindicalistas como Marián Fernández ou Rosa Díaz lideran as tractoradas contra a cota empresarial agraria, e na década dos 70 as mulleres de Cerceda enfróntanse aos gardas. Estes últimos van confiscar os terreos no val das Encrobas para explotar unha mina de carbón e poñer unha central térmica, propiedade do franquista Pedro Barrié de la Maza (quen será, tamén, un dos grandes facedores do espolio do Pazo de Meirás). As mulleres defenden as súas terras ao berro de "A terra é nosa, e non de Fenosa".

#### A transición

A transición cara á democracia, fraguada nos despachos polos altos cargos de partidos políticos como UCD, PSOE, PCE, AP (o actual PP) ou Minoría Catalana (formada por distintos partidos) segue sen ter en conta as reivindicacións da clase traballadora e estudantil. Tampouco participan mulleres na redacción da Constitución. Ante esta situación, a xeración republicana, nada após da derrota, non quedará impasible ante a falta de dereitos e liberdades.

Neste momento, o sindicato CCOO (Comisións Obreiras) infíltrase nas fábricas para loitar contra o Sindicato Vertical, coñecido tamén como Organización Sindical. Esta organización, creada desde o goberno despois da guerra civil, foi a única central sindical que existiu en España entre os anos 1940 e 1977, durante a ditadura franquista, é dicir, durante corenta

anos converteuse no único sindicato legal que estivo autorizado xa que a anarquista CNT e a socialista UGT foron proscritas e pasaron á clandestinidade. Todas as persoas empresarias e traballadoras (que eran denominados polo réxime como “produtores”) estaban obrigadas por lei a afiliarse ao Sindicato Vertical.

Tras a morte do ditador, o goberno do primeiro presidente democrático, Adolfo Suárez, decidiu a disolución do Sindicato Vertical, pero mantivo a antiga estrutura sindical e mudaron o nome polo de Administración Institucional de Servizos Socioprofesionais (AISS), ao tempo que se fixo cargo do gran fondo documental e patrimonio inmobiliario que posuían os sindicatos verticais do réxime franquista.

### **O movemento obreiro de Ferrol**

Aínda que, como en moitas ocasións, o relato ignore as mulleres, elas están a pé de rúa e teñen a súa propia loita sindical nas fábricas con man de obra feminina, como Bazán en Ferrol. Xa en 1967 María de los Ángeles Rivera Torres é detida e ferida nas mobilizacións da ferrolá PSYBE. Co tempo fará fincapé nas diferenzas entre a súa estadía soa no cárcere e a camaradería compartida polos homes presos de Bazán. Como en todos os tempos, elas enfrontan a dobre batalla de defender os seus dereitos e ser sinaladas por emprender loitas que só se entendían no ámbito dos homes.

O 10 de marzo de 1972 mobilízanse os traballadores e as traballadoras do estaleiros de Bazán en Ferrol. As melloras que reivindicaban son, entre outras, salario mínimo, corenta e dúas horas semanais, un mes de vacacións ou manter o soldo en caso de baixa. A patronal ignora as súas reclamacións, ao tempo que toma o acordo de suspender de emprego e soldo seis operarios do estaleiro ferrolán. A fábrica párase nun xesto de solidariedade e protagoniza unha concentración que é desaloxada polos grises.

Na marcha pola cidade, a carga policial causa medio cento de persoas feridas e dous mortos. Ferrol parálzase e toma as rúas. Nestas mobilizacións a presenza de mulleres é moi importante. A maioría das 150 persoas detidas son mulleres e, entre elas, Josefa Varela ingresa no cárcere. A partir dese momento, o 10 de marzo conmemórase o Día da Clase Obreira Galega.

A raíz destes sucesos o TOP (Tribunal de Orde Pública) abre varios sumarios por asociación ilícita, terrorismo ou manifestación non pacífica. Tanto polo número de persoas afectadas como polas penas que se piden, destaca o sumario 489 de 1972, no que está inmersa Rosario Alabau, “Sari”. Acúsana de ser integrante activa do PC e pídenlle tres anos de cárcere. Está en prisión preventiva máis de catro meses.

Na defensa das traballadoras son moi importantes avogadas como Mariam Lozano ou Cristina Almeida, que as defenden diante dos tribunais de xustiza.

O TOP tamén acusa de terrorismo a cabanense Manuela Valcárcel “Mela a Carboeira”. O alcume ten relación co traballo que realizaban Manuela e outras mulleres ferrolás, as carboeiras. Esta profesión consistía na descarga e transporte do carbón desde os barcos ata a terra. Colocábanse en ringleira cargando cestos, duns trinta quilos cada un, sobre as súas cabezas. Este duro traballo era asignado maioritariamente ás mulleres e mantívose ata mediados do século XX.

En 1909 constituírase a Sociedade de Cargadoras e Descargadoras do Peirao de Ferrol, A Unión Feminina. Era un sindicato formado só por mulleres para actuar unidas na defensa dos seus dereitos e mellorar as súas condicións laborais. Podían inscribirse só aquelas que contasen entre quince e sesenta anos, xa que se procuraba protexer as nenas e as anciás dun traballo tan duro. Quedaban exentas do pago de cotas as enfermas, que tamén eran axudadas en caso de necesidade.

Manuela interveu activamente no peche do mercado das Casas Baratas en 1972. Con 52 anos estivo dous meses no cárcere, onde as presas políticas comezan a ensinalle a ler. Foi militante activa do partido e estivo ligada ao nacemento de CCOO. Morreu no ano 2003.

### **Movemento obreiro de Vigo**

Ferrol non é o único escenario da loita. O movemento obreiro en Vigo non ten vítimas mortais, pero si un compromiso absoluto que acada o seu momento máis álxido na folga xeral de setembro de 1972. O inicio desta folga é a reivindicación de librar o sábados pola tarde na empresa Citroën. As concentracións do día 14 son respondidas con cargas policiais e despedidos. O conflito esténdese a outras vilas coma O Porriño ou Gondomar, e as mulleres, como Margarita Rodríguez Montes do Grupo Álvarez, son detidas.

Por outra banda, avogadas como Elvira Landín Aguirre incorpóranse a ámbitos historicamente masculinos e manteñen un firme compromiso na defensa das traballadoras e dos seus dereitos. Elvira estudou Dereito na Universidade de Deusto, pero no 67 marcha a Madrid e comeza a traballar para a aínda clandestina CCOO. Era a época dos despachos laboralista, que xa contaban con avogadas coma Manuela Carmena ou Cristina Almeida, que comezan a defender profesionalmente a clase obreira. Nos anos 70 Elvira instálase en Vigo e funda o primeiro despacho laboralista do sur de Galiza, o único que existía durante o franquismo.

### **O nacionalismo**

Tamén é este o momento da reorganización do nacionalismo. Na práctica, o galeguismo coñeceu unha fase de expansión social e política durante o período correspondente á II República. O golpe de Estado de xullo do 36 interrompeu bruscamente un proceso de

ampliación dos seus apoios sociais e de consolidación organizativa. Malia isto, a capacidade de resistencia histórica do movemento permitiulle manter o legado de anteguerra durante os corenta anos de ditadura e emerxer de xeito renovado no período de transición e consolidación democráticas (1976-82).

Desde mediados da década dos 60 asentáronse as bases do nacionalismo galego actual. Estes anos supoñen un revulsivo para o nacionalismo. A mocidade nacionalista volve conectar coa diáspora e artella novas organizacións que retoman a batalla política desde unha perspectiva de esquerdas.

Neste momento ten grande importancia o Consello da Mocidade, que xorde en 1963 e que ten como protagonista a Saleta Goi. Será unha das dirixentes da Unión do Pobo Galego (UPG) desde a súa creación o 25 de xullo de 1964, e tamén da fronte nacionalista AN-PG, que engloba distintas sensibilidades. O compromiso de Saleta lévaa a ser detida e multada en numerosas ocasións. Tamén será a impulsora de innumerables iniciativas culturais por todo o país durante e despois da época franquista.

Todos estes movementos nacionalistas non son do agrado do réxime, como se pode comprobar no informe "Separatismo gallego" que realiza a Brigada Político-Social o 17 de xaneiro de 1968. Neste informe xa se reflicte a vinculación co exilio e responsabilízase a revista *Vieiros*, publicada en México na nosa lingua polo Padroado da Cultura Galega. Destes vencellos non escapan tampouco outras actividades levadas a cabo alén do mar, coma o Congreso da Emigración Galega, celebrado en Buenos Aires no ano 58, as conferencias, os cursos, as mobilizacións como a de Castrelo de Miño ou mesmo a celebración de festas como as do Albariño de Cambados e a da Lamprea en Arbo, que contan coa presenza e intervencións da intelectualidade galeguista. A policía franquista entende que se alenta o separatismo nelas. A Brigada Político-Social advirte do arraigo do nacionalismo entre os sectores universitarios, intelectuais e culturais. Unha das mulleres sinaladas é María Xosé Queizán, xa que supón un referente indiscutible da nova fornada nacionalista e nomeadamente do feminismo galego. Esta autora pertence á primeira promoción de licenciadas na especialidade de Galego-Portugés, e escribiu os seus primeiros artigos no xornal *El Pueblo Gallego*. Ademais, o seu amor polo teatro e a súa firme convicción feminista e galeguista lévana a fundar e dirixir de 1967 ao 68 o Teatro Popular Galego, desenvolve un importante labor en organizacións como directora da asociación Feministas Independentes Galegas (FIGA), é vicepresidenta do Consello Municipal da Muller do Concello de Vigo e directora e organizadora do I Encontro de Mujeres Poetas Peninsulares y de las Islas. Os seus ensaios feministas tratan temas como a colonización sexual das mulleres, o cuestionamento da maternidade biolóxica e a reflexión sobre a escrita non androcéntrica.

### O exilio das mulleres nos últimos momentos do franquismo

Os últimos estertores do franquismo aínda obrigarán a moitas a mulleres a exiliarse. Este é o caso da canguesa Carmiña Graña Penedo. Loitadora incansable en cada acto ao servizo das traballadoras, no ano 68 participou no primeiro Día da Patria Galega. Formaba parte da UPG, e cando o aparato clandestino da Unión do Pobo Galego do Morrazo é descuberto Carmiña ten que marchar ao exilio francés. Non será a única. Xuntárase en Portugal coa escritora, cineasta e investigadora lucense Margarita Ledo Andión, que se exilia despois de participar nun acto reivindicativo o 25 de xullo de 1974. Durante a súa estancia de dous anos en Portugal, Ledo Andión non abandonou a súa loita pola cultura galega, traballando como lectora de galego na Universidade de Letras do Porto e organizando nesa cidade as Xornadas da Cultura Galega. Tivo que agardar para volver a Galiza á lei de amnistía do 77, xa que tiña causas pendentes co TOP. Ao seu regreso, fundou e dirixiu o semanario *A Nosa Terra*. É catedrática de comunicación audiovisual da USC.

Nesta amnistía de 1977 recupera a liberdade a que se considerou última presa política galega, Marisa Vázquez Barquero.

### O feminismo

O feminismo segue o seu avance imparable. En 1976 nace en Vigo a Asociación Galega da Muller, as organizacións feministas da Universidade, as Secretarías de Muller dos Sindicatos, o Movemento Democrático de Mulleres adscrito ao PCE, a Coordinadora Feminista Galega e Feministas Independentes Galegas, nadas no 1978. Nos oitenta créanse asociacións como Mulleres Progresistas, Mulheres Livres, o grupo de estudos sobre a muller Alecrín etc. Todos son colectivos que loitan no tránsito da ditadura á democracia para conseguir dereitos e avances legais como o divorcio, o aborto ou na loita contra a violencia de xénero.

María Xosé Queizán, Carme Blanco, Nanina Santos, Ana Míguez, Lidia Senra, Ana Gandón, Pilar García Negro, María Xosé Porteiro, Carmen Alvariño ou Encarna Otero son algunhas das mulleres que abren o camiño da igualdade, no último terzo do século XX, polos que cómpre seguir avanzando e nunca esquecer.

*Vencerse é cousa de se tratar.* Xela Arias

### 3.11.1- ACTIVIDADES.....

A igualdade de xénero é un dereito humano que implica que todas as persoas deben recibir os mesmos beneficios, as mesmas sentenzas e recibir un trato de respecto. O principio de igualdade de non discriminación por sexo ou por xénero é unha obriga de dereito internacional xeral, que vincula a todas as nacións, e establécese como un dereito que debe rexer todos os demais dereitos fundamentais.

A igualdade e a non discriminación son principios esenciais da Carta das Nacións Unidas aprobada en 1945 e asinada polas persoas dirixentes de todo o mundo.

1. Cos datos que temos da actividade anterior e cos que incorporamos nesta unidade, artellamos unha entrevista a unha das mulleres maiores que teñamos pola volta para que nos conten como era a súa situación a finais do século XX. Centrémonos en aspectos como a lingua galega, os dereitos laborais e económicos, a educación, os estereotipos etc.
2. Redactamos as preguntas (breves e concisas) e ensaiamos as cuestións antes de entrevistar a persoa.
3. Gravamos a entrevista e, posteriormente, editamos o son ou o vídeo para incorporar as entradas, introdución ao tema, despedida, música etc.
4. Compartimos o podcast na radio da escola, na aula etc., e promovemos os comentarios e o debate sobre a comparación da situación a finais do século XX coa actual.